CONCELLO DE PONTEVEDRA

SECRETARÍA XERAL DO PLENO

Acta número: 12	Pleno do Concello	
Data da sesión: 21.11.2016	Carácter: Ordinaria	Convocatoria: Primeira
Lugar: Teatro Principal.		Hora: 11:00

Asistentes:

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores
Dª Anabel Gulías Torreiro D. Demetrio Gómez Xunqueira Dª María Carmen da Silva Méndez D. Xosé Luis Bará Torres D. Cesareo Mosquera Lorenzo D. María dos Anxos Riveiro Portela D. Raimundo González Carballo Dª Maria do Carme Fouces Díaz D. Vicente Legísima García Dª María do Pilar Comesaña Hermida D. Luis Alberto Oubiña Piay D. Jacobo Moreira Ferro Dª María Aurora Cañizares Malagón D. Rafael Domínguez Artime Dª María José Rodríguez Teso D. Cesar Alberto Abal González D Manuel Tomás Abeigón Costa D. José Luis Martín González D. Agustín Fernández González Dª Paloma Castro Rey D. Iván Puentes Rivera D. Luis Rei Núñez Dª María del Carmen Moreira Martínez Dª María José Rey Martínez
Secretario Xeral do Pleno: José Luís Mato Rodríguez
Interventora: Blanca Vega Lorenzo

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente,** declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DE 24.10.2016.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 24.10.2016 que é aprobada por unanimidade (25) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL A CONSECUENCIA DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** dá lectura ao manifesto, consensuado entre todos os grupos políticos municipais, pronunciado con motivo do día internacional contra a violencia de xénero 2016:

"Un ano máis, a corporación municipal, súmase ao chamamento de Nacións Unidas de conmemorar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres.

Máis de 800 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou ex parellas desde o ano 2003, data que marca o inicio dela recompilación de datos oficiais. A violencia de xénero é unha violencia que se dirixe contra a muller polo feito de selo, ao ser considerada polos seus agresores como persoas carentes dos dereitos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

É unha forma de terrorismo ao que a cidadanía debe responder e non permanecer impasible. É unha terrible lacra social á que todos e todas temos que facer fronte.

Cremos e defendemos a igualdade entre mulleres e homes como principio fundamental. O noso compromiso contra a violencia de xénero é firme.

A mocidade constitúe un grupo especialmente vulnerable á violencia de xénero, polo que é necesario que os mozos e as mozas identifiquen e rexeiten condutas sexistas que a maioría das veces, se toleran ou xustifican.

A xuventude e a poboación adolescente deben contribuír de xeito singular á fin da violencia contra a muller, e vemos con preocupación, como perciben a violencia de xénero, porque algunhas das súas relacións afectivas e sociais teñen comportamentos discriminatorios e inadmisibles, verdadeiros sinais incipientes de violencia que anticipan outras manifestacións máis graves de maltrato. Polo que teñen que ser capaces de recoñecer esas condutas nocivas para poder frealas, e deste xeito, evitar que se agraven e supoñan un maior risco de violencia de xénero no futuro.

Se queremos evitar a violencia de xénero debemos evitar os pasos que se inician baixo as referencias dunha cultura machista. Polo tanto, para erradicar calquera forma de violencia, a solución reside na educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos.

É necesario seguir traballando na prevención e na sensibilización e visibilizar un problema de profundo calado social.

Por todo iso resulta imprescindible que a mocidade de hoxe en día, protagonista da sociedade do mañá, comprenda, coñeza e identifique a violencia de xénero, recoñeza os primeiros sinais da violencia e, a continuación, convértase en protagonista do logro dunha sociedade libre de violencia contra a muller.

Traballemos todos e todas xuntos e avancemos unidos para conseguir unha sociedade 0 % machista.

Queda moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, despois de anos de aplicación, son insuficientes en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Un ano máis, queremos recordar a todas e cada unha das vítimas da violencia de xénero. Mulleres con nomes e apelidos, como a veciño de Pontevedra, Concepción Re-

gueira cunha vida por diante que foi truncada por unha violencia cruel exercida, precisamente, pola persoa coa que un día decidiron compartir a súa vida. Tamén, a todos os menores, aos fillos e as fillas dos maltratadores, vítimas a su vez de esta violencia."
A precedente declaración foi aprobada por asentimento dos presentes.

3.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. APROBACIÓN INICIAL.

De orde da Presidencia a Secretaria do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstencións dos grupos municipais do PP; PSdeG-PSOE; Ma.Po; e Mixto-C's), da Comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, de data 16.11.2016 emitido sobre asunto que figura no epígrafe.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, por unha cuestión de forma, ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández González.

O **Sr. Fernández González:** Grazas Sr. Alcalde, bo día.
En atención ao artigo 74 do Regulamento orgánico dos plenos, solicitamos que este asunto quede sobre a mesa para o próximo pleno, atendendo a que é un traballo que é complicado, que se nos deu con pouco tempo para tratar e que ademais, polo que sabemos, tampouco está falado coas asociacións de vendedores e dada a importancia do tema solicitamos a súa retirada, que quede sobre a mesa para o seguinte pleno ordinario e se non se acepta por parte do goberno haberá que votar.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.
A continuación, concede o uso da palabra a don Vicente Legísima García, concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

O **Sr. Legísima García:** Grazas, Sr. Alcalde, bos días a todos.
Eu pola miña parte como Concelleiro responsable de mercados opóñome á retirada deste punto da orde do día e vou a indicar por que. Non é certo que non se escoitara aos usuarios; por empezar, por exemplo, non vou a abrir esta libreta, pero empezaron as reunións en xullo do ano pasado 2015, sen contar o traballo que viña da anterior concelleira pertencente ao PSOE, responsable do mercado, que tiña unha labor xa de tempo intentando modificar este regulamento.
No 2016 fíxose un primeiro borrador que se lle pasou ás asociacións e a todos os vendedores e vendedoras que había na praza que quixeron recoller unha copia e presentáronse estas alegacións que están aquí e que están no expediente, son estas que non as vou ler porque tivéronas todas a disposición.
Posteriormente, antes da convocatoria da Comisión de Réxime Interior, bastante antes, déuselle traslado a todos os grupos municipais para que puideran estudalo, eu creo e non me equivoco con unha antelación mínima de quince días, que era para iso, formaba parte do expediente, non era para levalo fóra do expediente como aconteceu que se levou fóra do expediente, hai un deber que temos todos os concelleiros en relación con ese expediente pero non o vou a comentar. Basicamente as alegacións recolléronse practicamente todas aquelas que se podían recoller; á parte diso pois hai unha labor que fixeron funcionarios deste Concello para posibilitar esta mo-

dificación.

Polo tanto eu particularmente a paciencia ten un límite, a dedicación a este asunto ten un tempo e un límite tamén e, polo tanto, opóñome á retirada, que se someta iso a votación e, vamos, por parte de esta concellería anticipo que se sigo ao fronte de mercados non tocará nada máis este regulamento porque levou todo aquilo que tiña que levar e outra cuestión é que se pretenda que as prórrogas ou as concesións de 25 anos que se prorroguen automaticamente, algo que non se pode facer; ou que se saen a concurso novo pois os usuarios, os concesionarios do comento teñan dereito de retracto que algo que se pide por exemplo.

Nada máis e grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Legísima García.

Algunha intervención ao respecto desta cuestión?.

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido Popular (PP), intervén o concelleiro don José Luis Martín González.

O **Sr. Martín González:** Muy buenos días a todos.

En la línea que ofrece el PSOE de pedir el aplazamiento, no pasa nada porque sea aplazo 30 días la aprobación del reglamento; nosotros llevamos esperando desde el mes de abril para que se aplique la normativa de los lombos y no soportar esta actitud caciquil por parte del Alcalde; entonces pedimos y nos sumamos a la petición de que se aplazado un mes la aprobación del reglamento, que sea discutido con los grupos, con las asociaciones, porque si bien es cierto que desde aquí se apunta que hubo negociaciones la realidad es todo lo contrario, las placeras nos dicen que no ha habido en absoluto diálogo, en la propia Comisión de Régimen Interior se nos informa que el reglamento se nos ha dado a nosotros a los grupos y no a las personas implicadas. Yo personalmente dejé constancia del malestar, que antes de darle el reglamento a los grupos tenía que darse a la placeras, que ellas lo estudiasen, una vez presentadas las alegaciones y venir aquí pues con todo el mundo y con el mayor acuerdo posible.

Eso no se da, entonces pedimos desde aquí que se aplace la aprobación del reglamento durante un mes que tampoco pasa nada.

Muchas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Martín.

Sr. Legísima García, ten de novo a palabra.

O **Sr. Legísima García:** Simplemente pediríalle ao Sr. Secretario que nos ilustrara sobre a tramitación do expediente de este regulamento, se unha vez que está na comisión se se debía trasladar publicamente a asociacións, veciños, ou o normal é que sexa un expediente como se tramitou.

Nada máis, grazas.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao Sr. Secretario.

O **Sr. Secretario:** Se o Sr. Alcalde me habilita, a tramitación é a aprobación inicial, exposición ao público para efectuar alegacións, mesmo con notificacións individuali-

zadas a cada un dos posibles afectados, colectivos, se son colectivos tamén por aplicación da lei de transparencia deberíase publicar na páxina Web do Concello o propio proxecto de regulamento que se sometese a exposición, despois se someterían as alegacións á aprobación definitiva do pleno, publicaríase e entraría en vigor. Iso é así resumidamente e rapidamente.

Polo que di ou polo que pregunta o Sr. Concelleiro sobre se é conveniente ou é axustado facilitarlle aos posibles interesados un anteproxecto do propio borrador do regulamento, eu entendo que non é do todo correcto, non é o que está establecido na lexislación aplicable, sobre todo porque é un borrador susceptible de modificacións e un antecedente para unha decisión que se vai tomar. Entón o que realmente debería dárselle de exposición ao público, por razón de pura lóxica administrativa e porque así mesmo parece que é o que está establecido no procedemento administrativo, é un texto xa aprobado polo órgano competente para elo.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Ben, entón se non hai máis intervencións sométese á consideración da Corporación a retirada que é a primeira cuestión que se plantea porque é obrigado someter á consideración a proposta de retirada feita polo concelleiro, Sr. Fernández González.

Seguidamente, sométese a votación a solicitude de retirada do asunto formulada polo portavoz do PSdeG-PSOE, sendo o seu resultado:
- En contra: 12 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG).
- Votos a favor: 13 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; 2 do grupo municipal Ma.Po; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co establecido no artigo 74.1 do Regulamento orgánico do pleno, acorda deixar o asunto sobre a mesa.

4.- PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 14/2016 (3 SUP72016) MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención dos grupos municipais do PP; PSdeG-PSOE; Ma.Po; e Mixto-C's), da Comisión de Economía e Facenda, de data 16.11.2016, emitido sobre a proposta do Concelleiro delegado da área de Contratación e Facenda, de data 14.11.2016, aprobada como proxecto por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 14.11.2016.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Raimundo González Carballo, portavoz do grupo municipal do BNG.

O **Sr. González Carballo:** Ben, xa no pleno do mes de setembro tratouse unha modificación de crédito na que se recollían unha serie de incrementos en partidas orzamentarias e tamén o tema de a amortización de débeda por parte de este Concello, esas partidas que se incrementaban ou se xeraban eran as relativas á prima de seguro de inmóbeis, a expropiacións e a investimentos no mercado de abastos.

Evidentemente como non foi aprobada igual que a solicitude de retirada anterior por parte do conxunto da oposición, pois eses asuntos se solventaron por parte do go-

berno incrementando a partida de mercados e tamén facendo o pago das expropiacións de Pasarón, non así o tema relativo ás primas de seguro de inmóbeis que figuran no borrador do orzamento para 2017.

En canto á amortización de débeda, dicir que se trae por segunda vez, en cumprimento do artigo 31 da Lei de estabilidade orzamentaria e sostebilidade financeira e que do que se trata é de amortizar 781 mil euros, 781 mil euros que veñen do remanente do exercicio 2015 e dos que máis de un millón xa se utilizaron tanto para accesibilidade rural como para o pago das expropiacións de Pasarón e da UA 24.

En definitiva, o que se trata é de dar cumprimento ao artigo da lei de estabilidade orzamentaria e, en todo caso, sinalar que aínda así Pontevedra é dos concellos que menor débeda ten por habitante, dentro das capitais de provincia somos a segunda capital de provincia a nivel do Estado que ten menos débeda por habitante, agás Bilbao e seríamos a segunda. E tamén dentro dos concellos galegos, das cidades galegas, tamén somos das cidades que menos débeda teñen por habitante, en concreto as que máis teñen son Santiago, Ferrol, A Coruña, despois Ourense, Lugo, Pontevedra e, por último, Vigo. E a nivel absoluto temos tamén máis ou menos unha débeda similar á de Vigo, e incluso hai outros concellos de moito menos poboación, como poden ser Viveiro, Mos, Vilanova, Xinzo de Limia, Catoira, Nogueira de Ramuín, Avión, A Bola, etc., que teñen máis débeda por habitante que o Concello de Pontevedra.

Ben, en definitiva, o que seguimos ou queremos e destinar esta cantidade para a amortización de débeda e seguir diminuíndo a mesma débeda, digamos o importe neste Concello, e nada máis.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. González Carballo.

Seguidamente, en representación do grupo municipal do PsdeG-PSOE intervén o seu portavoz don Agustín Fernández González.

O **Sr. Fernández González:** Bos días outras vez entón.

É probable que sexa o último pleno ordinario do ano, ou como moito o penúltimo, as propostas introducidas polo goberno na orde do día e o partido que o sustenta, permítenos facer unha certa valoración do que é a xestión do goberno.

Vexamos, por unha banda se nos trae polo BNG unha moción na que se insta á Xunta ao dragado da ría e do río, que é unha moción interesante pero que xa hai unha aprobada no ano 2013, presentada polo Partido Socialista neste mesmo sentido, polo tanto o consecuente sería pedir ou instar, dende a Alcaldía, o cumprimento desa moción máis que traer unha moción nova hoxe aquí porque é responsabilidade do Alcalde xestionar o interese de Pontevedra e, polo tanto, debería estar máis interesado en pedir que se cumpran esas mocións que en repetir as mocións que xa están aprobadas polo Pleno.

A outra proposta que se nos trae é instar á radio galega a que emita a lo menos un 50% da música en galego, a min non se me ocorre nada profundo que dicir sobre esta moción; recoñezo que non lin o expediente administrativo, polo tanto supoño que nel constarán os escritos que neste sentido se remitiron dende aquí á corporación da Televisión de Galicia, da radio televisión, instando a iso. Supoño que este será ademais un dos temas fundamentais, estrela, que debata vostede co Presidente da Xunta cando teña lugar ese encontro tradicional de inicio de mandato; o ano pasado foron os furanchos e así vamos a manter un certo nivel.

E o terceiro asunto é o que toca debater agora que é a modificación de crédito. Os dous anteriores xa nos dan algunhas pistas, hai un certo despiste no goberno e a proposta de modificación fala da súa falta de xestión, pero non o digo eu, basta con ler o expediente administrativo. Segundo consta no expediente o remanente líquido de tesourería co que contou o goberno municipal foi de 1.788.000 euros, aproximadamente, unha cantidade que a lexislación permite aplicar a investimento financeiramente sostibles ou a amortizar débeda. Pois ben, da cantidade total destinouse a investimentos financeiramente sostibles algo más de 477 mil euros, xa enviamos a amortización 529 mil a principio do ano e agora van 780 mil máis, en total destinamos a amortizar deuda 1.310.000 euros; é dicir, do total do superávit enviamos a amortizar máis do 73% e só utilizamos para inversións algo menos do 27%, as cifras falan por si solas.

Conclusión, falta de xestión, falta de axilidade, falta de proxectos, falta de liderazgo; nos enorgullecemos de ser un concello pouco endebedado polo que non hai razón algunha para adiantar amortizacións, a única razón será que hai unha falta de capacidade para sacar adiante proxectos e executalos e este é un claro síntoma de un fin de ciclo o cal é normal, os anos de goberno van pesando e eu creo ademais, con sinceridade e con cariño, hai que agradecerlle os servizos prestados pero o tempo vai pasando e xa non é a época de vostede Sr. Lores.

Pola súa culpa, pola súa culpa, exclusivamente pola súa culpa, porque para iso goberna en solitario estes cartos, que se poderían investir na cidade, vanse para amortizar débeda, eu creo que convería que reflexionase sobre iso.

O informe de Intervención é claro, ou se aproba a modificación ou incorreremos nunha falta moi grave e o Partido Socialista non fará nada para prexudicar os intereses deste Concello, para iso xa están vostedes, pero tampouco vamos a avalar a ineficacia co noso voto, polo tanto nós vamos a absternos polo ben dos intereses do Concello, soamente para preservar os intereses do Concello.

Nada máis, moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández González.

A continuación concede o uso da palabra a don Rafael Domínguez Artime, concelleiro do grupo municipal do PP.

O **Sr. Domínguez Artime:** Buenos días, Sr. Alcalde, concejales.

Se nos trae al pleno una nueva modificación de crédito y ya he perdido la cuenta, no se puede decir que sea una novedad en el gobierno del BNG cambiar sus propias cuentas, no quiero que la gente se confunda, esta modificación de crédito difiere muchísimo de la presentada hace dos meses y que fue tumbada por la oposición; en el pleno anterior se nos presentaba una modificación de crédito que presentaba varios conceptos y en aquella ocasión había que decidir si se aprobaban todos o ninguno.

En esta ocasión las cosas son distintas, se presenta una modificación de crédito destinada a amortizar deuda, lo que como ustedes sabrán tampoco es una novedad de este gobierno. La cosa, para resumirlo, sería más o menos así: punto uno, el gobierno aparta una cantidad de inversión en los presupuestos para un proyecto; punto dos, el gobierno es incapaz de llevar a cabo ese proyecto por su falta de diligencia; punto tres, al gobierno le sobra el dinero y anuncia superávit que realmente es fruto de su mala gestión; punto cuatro, los servicios del Concello le dicen que es obligatorio que ese dinero que sobra sea destinado a una amortización de deuda o a una inversión económicamente sostenible; punto cinco, ante la dificultad que tiene el BNG

de hacer una inversión económicamente sostenible se decide amortizar deuda; aún hay un punto más que es el punto seis, lo venden en todas partes como un éxito de gestión económica cuando realmente es un superávit fruto de su incapacidad, porque si hubiesen querido tener un superávit así lo hubiesen hecho en los presupuestos.

De todas formas y una vez explicado el por qué, este gobierno, en este punto en particular, se ha puesto en una situación delicada y fruto de la responsabilidad del Partido Popular vamos a abstenernos para no complicar más esta situación.

Muchas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Domínguez.

Algunha outra intervención por parte da oposición?.

Sr. González Carballo, ten a palabra.

O **Sr. González Carballo:** O eu estou tonto, que todo é posible, todo é posible despois de tanto tempo aquí, ou resulta que os motivos polos que se opuxeron á modificación de crédito foi precisamente porque ía a amortización de débeda, estaban todos de acordo nos outros que eran investimento, nos outros tres conceptos, e votaron en contra porque ía a amortización, resulta que agora non, agora si estaban de acordo coa amortización, home que cambien de opinión está ben pero en dous meses, sinceramente me recorda ao de "no es no", é dicir porque en menos de dous meses se cambiou de opinión, voto en falta que teñan aí o letreiro, neste pleno por certo, así me gusta; entonces iso, que en dous meses cambian de opinión e opúñanse por un motivo e resulta que iso e polo que agora se absteñen, sinceramente un pouco difícil de entender.

En todo caso, eu sei que lles molesta a todos que xestionemos ben, pero os datos están aí, que temos menos débeda por habitante, que pagamos aos provedores antes do que determina a lei, etc., e polo tanto entendo que sexa un motivo molesto para vostedes e que non estean de acordo, loxicamente, vostedes serían felices con que isto funcionara moi mal, moi mal, moi mal. Entonces xa o sinto e seguiremos traballando en esta dirección.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 2 concelleiros (2 do grupo municipal Ma.Po)

- Abstencións: 11 concelleiros (7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 do grupo municipal Mixto-C's).

- Votos a favor: 12 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 14/2016 (3 SUP/2016), mediante Suplemento de Crédito por un importe total de SETECENTOS OITENTA E UN MIL DOUSCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CENTIMOS (781.237,59.- €), de acordo ao seguinte detalle:

			FINANCIAM ENTO		
APLICACION			BAIXAS POR		TOTAL
PRESUPOSTARIA	DENOM INACION	IMPORTE SUP	ANULACION	RTGX (870.00)	FINANCIAM ENTO

02.011.0-913.20	AMORTIZACION ABANCA P 61489/2010	781.237,59 €	0,00 €	781.237,59 €	**781.237,59 €**
	TOTAL SUP	**781.237,59 €**	**0,00 €**	**781.237,59 €**	**781.237,59 €**

Segundo.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios desta entidade polo período de quince días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

Terceiro.- Esta modificación orzamentaria 14/2016 (3 SUP/2016), considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

5.- INCREMENTO DO LÍMITE DA CONTÍA GLOBAL EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión de Economía e Facenda, de data 16.11.2016, emitido sobre a proposta do Concelleiro delegado da área de Contratación e Facenda, de data 14.11.2016.

Sen intervencións, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación a proposta do Concelleiro delegado da área de Contratación e Facenda e, en consecuencia, acorda:

Aprobar o incremento global en concepto de produtividade e gratificacións do persoal funcionario do Concello e os seus Organismos autónomos nos seguintes importes:

CONCEPTO RETRIBUTIVO	INCREMENTO QUE SE PROPÓN
PRODUTIVIDADE	48.000,00 €
GRATIFICACIÓNS	122.000,00 €

Isto de conformidade co establecido no artigo 5 do RD 861/86, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local.

6.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA QUE SE EMITA, CANDO MENOS, UN 50% DA MÚSICA GALEGA EN TODOS OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE TITULARIDADE PÚBLICA E EN CADA UNHA DAS FRANXAS HORARIAS.

De orde da Presidencia a Secretaria do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención grupos municipais PSdeG-PSOE; Ma.Po e Mixto-C´s e voto en contra grupo municipal PP), da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 23.06.2016, emitido sobre a proposición do grupo municipal do BNG para esixir á Xunta de Galiza que se emita, cando menos, un 50% da música galega en todos os medios de comunicación de titularidade pública e en cada unha

das franxas horarias. Así mesmo dá conta da presentación dunha emenda polo grupo municipal do Partido Popular.

O texto íntegro da **proposición presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego** é do teor literal seguinte:

"Malia que a cultura galega aporta arredor dun 2% ao PIB do país, o certo é que o excesivo peso das producións xeradas fóra da Galiza e a carencia de canles propias fan moi difícil para as creadoras e os creadores chegaren ao grande público.

No caso da música a situación aínda é máis grave porque aos procesos globalizadores descritos antes, súmase a dificuldade que supón ter que actuar ao vivo.

A Lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia recolle no seu artigo 4 os "principios inspiradores" da CRTVG, entre os que se pode ler que

b) A promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia.

c) O fomento da produción audiovisual propia e de emisións que coadxuven á proxección de Galicia cara ao exterior e de información ás comunidades galegas do exterior.

k) A procura do desenvolvemento do sector audiovisual desde o punto de vista da mellora da súa contribución á economía da comunidade autónoma.

Asemade, o artigo 5 reza que entre o "Obxecto do servizo público" está

2. A función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canles xeralistas e temáticas, así como a oferta de servizos conexos ou interactivos, todo iso orientado polos principios sinalados na alínea primeira.

Xa que logo, o Grupo Municipal do BNG, propón o seguinte

ACORDO

Esixir á Xunta de Galiza que se emita, cando menos, un 50% de música galega en todos os medios de comunicación de titularidade pública e en cada unha das franxas horarias."

A **emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular** é do teor literal seguinte:

"Instar á Corporación da RTVG a continuar desenvolvendo o seu importante labor de promoción e difusión da lingua e cultura galegas."

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra á dona Aurora Cañizares Malagón, concelleira do grupo municipal do PP.

A **Sra. Cañizares Malagón:** Nós presentamos unha emenda de substitución para substituír o punto un que teñen vostedes na súa moción por esta proposta de acordo, instar á Corporación de Radio Televísión de Galicia a continuar desenvolvendo o seu importante labor de promoción y difusión da lingua e cultura galegas.
Grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Tíñamos entendido aquí na mesa que era de adición.

Contesta a **Sra. Cañizares:** Non.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Luís Alberto Oubiña Piay, concelleiro do grupo municipal do BNG.

O **Sr. Oubiña Piay:** Bo día.

En primeiro lugar, comezando pola emenda presentada, dende o grupo municipal do BNG decidimos non aceptar a emenda presentada.

Eu creo que estamos aquí todos de acordo en unha cousa porque a veces parece que non estamos moito de acordo en algunhas outras pero eu creo que dende logo si estamos de acordo en que os galegos e as galegas somos capaces de levar adiante proxectos absolutamente excepcionais en todos os puntos de vista da vida pero tamén no eido musical, e isto é debido a que temos unha lingua e unha cultura que forma parte do noso xeito de ser que é excepcional, bo exemplo de esta amplísima capacidade para levar adiante grandes proxectos é o de Fran Narz que é unha voz que se nos apagou estes días, unha voz musical que era un dos maiores exponentes da música galega; pero pola contra atopámonos un desleixo que podemos observar por parte da Xunta de Galiza e máis neste caso representada na CRTVG que non entendemos moi ben, malia que a cultura galega aporta ao redor de un 2% do produto interior bruto do país, o certo é que o excesivo peso das producións, tanto musicais como de outros tipos xeradas fóra da Galicia, unido a carencia de canles propias, fan moi difícil para que as nosas creadoras e os nosos creadores poidan despuntar, poidan chegar ao grande público. E isto é así a pesares de que a lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza recolle, no seu artigo 4, os principios inspiradores da CRTVG, entre eles podíamos atopar a promoción e difusión da cultura e a lingua galega, o fomento da produción audiovisual propia, a procura do desenvolvemento do sector audiovisual entre outras; máis nós entedemos que, a día de hoxe, non se están cumprindo estas medidas inspiradoras, entón por iso presentamos esta moción.

Con esta moción o que buscamos, principalmente, é tentar recuperar o creto perdido pola CRTVG, temos a nosa man amplísimas canles para promocionar e normalizar a nosa lingua, aproveitemos tamén a canle musical, aproveitemos para facelo a través do medio público que pagamos entre todas e entre todos, é un traballo de todas e todos. Sigamos pois, continuemos por algo sinxelo que é esixir á Xunta de Galiza que emita, cando menos, un 50% de música galega en todos os medios de comunicación de titularidade pública, e en cada unha das franxas horarias.

Creo que non pedimos nada de outro mundo, creo que isto pode ser un dos puntos nos que coincidamos por unanimidade, eu creo que sería o normal, sería o básico, sería o esencial, nun país normalizado se fose como certamente algúns din, que estamos nun país normalizado, sería o lóxico, o normal.

Moitas grazas e bo día.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Oubiña.

A continuación, concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, portavoz do grupo Mixto-Ciudadanos.

A **Sra. Rey Martínez:** Grazas e bos días.

Eu, en principio, voume a abster primeiro porque eu falo con músicos galegos e o

que piden para restar dificultades á hora de ter que actuar ao vivo é mellorar a regulación das licenzas dos locais; segundo, porque se queremos apostar forte polo noso, promocionar e difundir a cultura galega, hai que apostar forte, por que de mínimo un 50 e non un 80 ou un 90 ou un 100%.

Por certo, se queremos apostar forte polo noso, como estamos en Pontevedra, apostemos polas nosas empresas á hora de organizar eventos ou xestionar o noso local de música, iso si que sería un puntazo.

E tamén, por certo, habería que aclarar que entende cada un como música galega, porque se falamos de A Roda, de Mercedes Peón ou de Milladoiro, todos temos claro que é música galega, o que eu espero e que se falamos de Los Limones, Siniestro Total, Los Suaves, Iván Ferreiro, todos e todas temos claro tamén que é música galega, que entenden vostedes como música galega?.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Rey Martínez.

De seguido intervén don Iván Puentes Rivera, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O **Sr. Puentes Rivera:** Moitas grazas, bo día.

Nós imos votar a favor desta moción fundamentalmente porque queremos que se cumpra efectivamente a lei 9/2011 de Medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, que como moi ben se dicía, no artigo 4.b di que efectivamente un dos principios dos medios públicos de Galicia é o da promoción e difusión da cultura e a lingua galega así como a defensa da identidade de Galicia. Pero bueno, a lei tamén vai máis aló e fala tamén da lusofonía e fala tamén da difusión da cultura en lingua portuguesa que tamén esta bastante falto este país diso.

Polo tanto, o contido da moción a nós nos parece ben, o imos a apoiar e permítame que lles diga que tamén o podemos aplicar cando dende o Concello se contratan actuacións musicais, por exemplo nas festas de verán, para traer determinadas actuacións un tanto cañís como as que vimos este verano con persoeiros públicos de dubidosa sensibilidade no tema de igualdade entre homes e mulleres, por exemplo, entón tamén, refírome a Bertín Osborne e non teño ningún problema, a Bertín Osborne, por exemplo, pero en todo caso pódeno aplicar e nós tamén o votaremos a favor.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Puentes.

Sra. Cañizares, ten a palabra.

A **Sra. Cañizares Malagón:** Bos días a todos de novo.

Non está mal que despois de seis meses de ter presentada esta moción aparezca agora, supoño que esperaban vostedes gañar as eleccións pero non puido ser.

Ben, para a súa moción collen só as partes da lei 9/2011 dos Medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia que lles interesan, collen o punto b) e o punto c) pero sen embargo non falan do punto a) o respecto á defensa dos principios que informan a Constitución española e o estatuto de autonomía de Galicia e dos dereitos e liberdades que neles recoñécense e garantízanse. Tamén olvídanse de poñer o reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia. Queda claro que a vostedes só lles interesan algunhas partes da lei, igual que fan despois cando seguen e cando falan de que no artigo número 5, obxecto do servizo público, e só poñen o número 2 cando nos remiten ao número 1, temos que ir a buscar á Wiki-

pedia, como dí sempre o Sr. Bará, para saber cal é o punto número 1 porque no ven na moción.

Pois ben, a corporación radio televisión de Galicia está a cumprir co seu papel de servizo público, tendo como primeira misión mellorar e normalizar o uso da nosa lingua e promover a nosa cultura a través da nosa cultura, da televisión de Galicia, da radio galega e dos soportes dixitais, e o cumprimento desta misión de servizo público, e nesa lei, non ven condicionado pola emisión de un determinado porcentaxe de música nas diferentes franxas horarias, non está na lei.

Nós votaremos en contra, está claro, pero escoiten, hai un montón de programas dentro da televisión de Galicia, da radio galega, e o son Galicia, que emiten, por exemplo, o son Galicia emite non só o 50% da música galega se non é exclusiva, música galega; é a canle na que adican máis atención aos grupos musicais galegos emerxentes e como dicía María Rey, a señora María Rey, que clase de música é a que entenden vostedes por música galega?. Hai outra parte dentro da corporación de radio televisión de Galicia que é o arquivo sonoro da Radio galega, este arquivo sonoro os entendidos, os axentes especializados, din que non se pode facer un mapa musical de Galicia sen contar con este arquivo sonoro.

En canto á promoción de novos grupos teñen programas como Novo son, Vas sacar nota, outros programas son Zigzag diario, Zigzag feirado, e o servizo público; e Zigzag diario foi considerado como o mellor programa de televisión galega en promover, potencial e divulgar o ámbito cultural do país. Hai moitos outros, poderíamos falar de moitos outros programas onde hai música, Lume na palleira que agora xa non está, a min tamén me gustaba Alalá que agora xa o quitaron da grella. Pero vamos a ver, eu penso, Sr. Oubiña, que vostedes non están en situación de esixir, non poden esixir á Xunta de Galicia, en tal caso poderían instar a la corporación de Radio televisión de Galicia, pero non poden esixir porque a lei estase a cumprir, porque a lei non di nada do tanto por cen que vostedes queren agora mesmo esixirlles que se ten que emitir na programación e porque se iso é o que vostedes queren, un cambio na lei, o canle máis axeitado non é presentar unha moción agora mesmo ao pleno do Concello de Pontevedra, porque hai cousas moito máis importantes neste Concello para tratar como é o alcantarillado, servizos sociais, a limpeza das rúas, os arranxos dos camiños, os puntos de luz no rural, a recollida de lixo polas parroquias, etc.; para iso, para cambiar a lei, supoño que o canle máis axeitado é o Parlamento. Ben, repítolle a nosa intención de voto que é en contra.

Moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Cañizares.

Sr. Oubiña, ten a palabra.

O **Sr. Oubiña Piay:** Non sei a verdade por onde comezar; Sra. Rey, simplemente un pequeno apunto, vostede comentaba que era pouco, como dicilo, pouco ambicioso o 50%, por iso leva aí unha coletilla que di cando menos, pode ser do 50% para arriba.

Sra. Cañizares, agora mesmo o que estamos propoñendo nesta moción non é facelo en determinadas franxas horarias que están vetadas a determinados horarios senón facelo en determinadas franxas horarias para que poidan chegar todos os públicos, facelo ás dúas da mañá na Radio galega, eu supoño que un rapaz de nove ou dez anos a esas horas estará durmindo, non, é o lóxico.+

Tamén mencionaba vostede do artigo número 4, se non me equivoco, punto 10, “és reflejo de pluralismo ideológico, político y cultural social de Galicia”, non me queda

nada máis que citar, hai uns meses no mes de abril para ser exactos, durante a emisión de un programa da Radio galega, durante unha canción de Ataque Escampe a CRTVG suprimiu un párrafo da letra que dicía "adeus cabronazo voume a un paraíso fiscal como fan os do PP" e non pasou nada, parece ser. Entón, parémonos un pouco a pensar se a humillación a que estamos sometendo aos nosos creadores e ás nosas creadoras non pasa soamente por non emitir as súas cancións se non que pasa tamén por, a maiores, cortala e censuralas.

Moitas grazas a quen dispón de un voto favorable para esta moción, nós imos a continuar a promover a música galega como xa estamos facendo a través de diversos programas, na radio, tamén o estamos facendo con festivais de música e estámolo insertando tamén dentro da programación normalizada das festas da Peregrina.

Esiximos tamén e solicitámoslle á Xunta de Galiza que se adhira a este proceso facéndoo a través da Radio galeca con, cando menos, un 50% de música en galego en todas as franxas horarias.

Moitas grazas.

Rematado o debate e rexeitada polo propoñente a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sométese a votación a proposición do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sendo o resultado da votación o seguinte:
- Votos en contra: 7 concelleiros (7 do grupo municipal do PP).

- Abstencións: 1 concelleiro (1 do grupo Mixto-Cidadáns).

- Votos a favor: 17 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 2 do grupo municipal Ma.Po).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda aprobar a proposición do grupo municipal de Bloque Nacionalista Galego para esixir á Xunta de Galicia que se emita, cando menos, un 50% da música galega en todos os medios de comunicación de titularidade pública e en cada unha das franxas horarias.

7.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RESPECTO DO DRAGADO DO FONDO DA RÍA DE PONTEVEDRA.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), declárase a urxencia da presente proposición.

O texto íntegro da proposición presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego é do teor literal seguinte:

"A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para o dragado e rexeneración da bancos marisqueiros no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 6 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navega-

ción deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Malia a urxencia desta actuación, demandada en numerosas ocasións polas confrarías do fondo da ría e polo Clube Naval, Portos de Galicia excúsase na complexidade da tramitación administrativa para xustificar un retraso de máis de 6 anos na elaboración, aprobación e execución do proxecto. Un record sen dúbida difícil de superar.

Desde o BNG compartimos a preocupación do sector marisqueiro e da navegación deportiva ante o retraso que vai acumulando o proxecto, o que obriga a modificalo para adaptalo aos cambios normativos e aos cambios na situación dos fondos mariños, que seguen acumulando sedimentos. Entendemos tamén que como medida compensatoria polo retraso, o proxecto deberá executarse nunha única fase, dotarse da conseguinte partida orzamentaria e licitarse no 2017.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte

MOCIÓN

Instar á Xunta de Galicia a:

- Dotar dunha partida orzamentaria o orzamento do ano 2017 que permita licitar o proxecto de dragado do fondo da ría de Pontevedra nunha única fase.

- Axilizar a aprobación do proxecto para que as obras poidan comezar ao longo do ano 2017"

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao concelleiro don Xosé Luís Bará Torres, en representación do grupo municipal do BNG.

O **Sr. Bará Torres:** Moi bo día, moitas grazas Sr. Alcalde.

Estamos a falar de un proxecto que tivo o seu inicio no ano 2011, que leva unha tramitación xa case eterna, record difícil de superar de máis de cinco anos que experimentou diversos atrasos o dilacións pola necesidade de relavorar e refacer o proxecto, reiniciar tamén o procedemento do trámite de avaliación ambiental debido a cambios na lexislación e a cambios na propia realidade física na que se pretende actuar e a necesidade de facer novas prospeccións e estudos.

Polo tanto, é un proxecto que entendemos que é necesario, que é positivo para mellorar a situación da canle e da desembocadura do río Lérez, prevé unha actuación nun tramo de aproximadamente cinco quilómetros do río, augas abaixo da ponte de o Burgo, ata a zona dos Praceres e hai que dicir que xa esta zona foi obxecto de anteriores dragados, o último no ano 1999, e ademais unha demanda unánime das cofradías do fondo da ría, tanto Pontevedra-Lourizán, como Raxo, levan anos demandándolle á Xunta que leve a cabo este proxecto e tamén o Club Naval de Pontevedra ven reclamando melloras na contorna do porto deportivo coa necesidade de maior calado e tamén de ter maior calado na canle de navegación do río.

Este proxecto ten obxectivos que entendemos que son beneficios para a recuperación e a rexeneración dos bancos marisqueiros do fondo da ría e, ademais, para recuperación do marisqueo a flote que é a actividade que sufriu unha maior redución tanto no número de embarcacións como na de tripulantes como nos ingresos, permitiría tamén gañar calado no porto deportivo e mellorar a situación da canle de navegación. En todo caso, na súa tramitación e, sobre todo, no que ten que ver coa declaración de impacto ambiental, haberá un trámite de audiencia pública e tamén, dende logo, serán necesarios os informes ao respecto do Concello de Pontevedra e

esta administración terá a oportunidade de facer as súas achegas se o considera necesario, no proceso de tramitación do proxecto.

O que pedimos con esta moción é, ademais de aceptar a emenda proposta polo grupo socialista, é que se axilice e se impulse este proxecto que, como dixen, ven sendo obxecto de sucesivas dilacións, que se dispoña unha partida orzamentaria no ano 2017 para executar a obra nunha única fase, non como anunciou Portos de Galiza, a previsión de facela en diferentes fases, comezando pola zona de augas abaixo da ponte do Burgo e no entorno do náutico, entendemos que se debe facer nun único procedemento e nunha única fase e que a obra se licite no ano 2017 con orzamentos da Xunta de Galiza. Polo tanto, xa que estamos nun momento próximo á aprobación dos orzamentos do goberno galego, pensamos que é oportuno que esta Corporación se pronuncie ao respecto e que teña o apoio maioritario do Concello de Pontevedra.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Bará Torres.

A continuación, en representación do grupo municipal Ma.Po, intervén o seu portavoz don Luís Rei Núñez.

O **Sr. Rei Núñez:** Bo día.

Votaremos en contra e, por non cansar, a argumentación ímola a desenvolver na defensa da nosa moción que figura no punto 11 da orde do día.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Rei.

Seguidamente, concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Agustín Fernández Gonzalez.

O **Sr. Fernández González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Como xa comentei antes, non se entende moi ben a oportunidade desta moción xa que logo hai unha aprobada por unanimidade, do ano 2013, instando ao dragado da ría e río e, polo tanto, só dicir que se bota en falta facer mención á estación marítima, prometida tantas veces polo Partido Popular e da que non sabemos nada, que foi a emenda que nós plantexamos e que esperamos que sexa recollida polo propoñente. Quero dicir que as obras veñen sendo anunciadas reiteradamente pola Xunta xa dende comezos de século, sen que se teña executado ata o momento. Hai unha acumulación de lodos e de arrastres durante os últimos anos produto pois unhas veces das riadas ou de diferentes obras públicas como a ponte das Correntes ou o AVE, que veñen reducindo o calado ata tal punto que en marea baixa boa parte dos amarres do porto deportivo resultan hoxe inaproveitables; a falta de datos oficiais confirmados parece ser que sería necesario extraer milleiros de toneladas de lodo e area.

As queixas dos xestores do Clube Naval de Pontevedra non poden estar máis xustificadas pois son varias as veces que se teñen feito anuncios sobre o inminente dragado dos fondos da ría, por facer algo de memoria xa no 2007 se anunciaba publicamente que se ía financiar un tramo de aproximadamente cinco quilómetros da canle de navegación; máis tarde o xa expresidente hoxe de Portos de Galicia, José Manuel Álvarez Campana, anunciou no 2009 o dragado e o intereses que tiña o ente público naquel momento en anunciar, en optimizar as posibilidades de unha futura estación marítima, que a Xunta naquel momento aínda prevía construír no porto de As Corbaceiras, como eixo de un proxecto sobre o que pivotaría unha fórmula de transporte de pasaxeiros na ría de Pontevedra; en xaneiro de 2010 a Xunta informou ás confra-

días de pescadores sobre a evolución do proxecto e se acordou que os lodos extraídos serían depositados en augas exteriores mentres que se reforzarían os bancos marisqueiros coas areas, pero o certo é que a piques de rematar o ano 2016, despois de estas promesas, que se fixeron de novo durante a precampaña e a campaña, estamos igual que estábamos, hai anuncios, hai promesas pero a situación segue igual e faise insostible, tanto para o Clube Naval como para o propio río e a propia ría que vanse cegando.

Nós esperamos que o propoñente asuma a emenda que complementa a súa moción. Nós vamos a votar a favor, en todo caso vamos a votar a favor da moción presentada polo BNG.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Sr. Fernández González, eu creo que debería explicar a emenda porque eu creo que non coñecemos, polo menos o público e parte da Corporación, a emenda que propoñen de adición.

Moitas gracias.

O **Sr. Fernández González:** A emenda de adición foi presentada en tempo e forma e propón engadir un terceiro punto á proposta que diría "Requirir á Xunta de Galicia para que explique se mantén o seu plan de executar as obras da estación marítima no antigo porto das Corbaceiras".

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

De seguido, en representación do grupo municipal do Partido Popular, intervén o seu portavoz don Jacobo Moreira Ferro.

O **Sr. Moreira Ferro:** Gracias, Sr. Presidente. Moi bos días a todos.

Ben, vaia por diante que nós imos a votar a favor desta iniciativa, sempre estivemos a favor de que se faga este dragado, se ben é verdade que como todos os que coñecen este asunto saben, porque están informado de elo, require unha complexidade administrativa bastante intensa. As tramitacións medio ambientais, os requisitos da normativa comunitaria, a cantidade de informes que hai que pedir a diversos organismos públicos fai que tramita un dragado nesta parte do río Lérez conleve unha burocracia excesiva e sobre a que ao mellor habería que reflexionar cando se lexisle pero a verdade é que son condicionantes que veñen impostos pola Unión Europea e, polo tanto, a lexislación española non ten máis que traspoñela e facela cumprir, e cumprila tamén as comunidades autónomas.

Entre outros requisitos que se fan necesarios pois son, por exemplo, informes por parte de Patrimonio, do Instituto de estudios do territorio, da conservación da natureza, de Augas de Galicia, de Sanidade, da Consellería do Mar e, por suposto, de Costas e dos concellos de Poio e Pontevedra. Precisamente este celo en preservar e garantir que non vai haber ningún atentado medio ambiental como algún grupo de esta Corporación pretende facer saber, ese é o obxectivo de que se faga e se cumpra escrupulosamente toda esa normativa, ese é o motivo de que, a día de hoxe, todavía non se puidera iniciar o dragado. Temos antecedentes neste Concello de cando se fixeron obras como a da ponte de As Correntes sen pedir permiso a Costas pois, ao final, a Administración reacciona e paraliza as obras; eu creo que non é este o camiño que debemos levar, eu creo que a Administración debe ser la primeira en dar conta de que se cumpre a normativa medio ambiental.

Polo tanto, vai o noso voto a favor. En canto a emenda do Partido Socialista, pois bueno esta é unha proposta que tamén era unha proposta do candidato do Partido Socialista no 2011, facer unha estación marítima; pero en todo caso pola banda non temos ningún inconvinte en requirir á Xunta para que explique se mantén eses plans de executar a estación marítima, unha simple petición de información. Pero en todo caso, Sr. Fernández Lores, eu supoñía que esta era unha destas cuestións, a do dragado, que vostede tiña falado co Presidente da Xunta nas reunións que tivo con el, parece ser que non que soamente falaba dos furanchos, falaba tamén de outras cuestións como que se faga a variante de Alba; do transporte metropolitano; do edificio xudicial que xa estaba en marcha; pero parece ser que esta non foi unha prioridade, si que é unha prioridade cando vostede acude ante os medios de comunicación pero creo que non o falou, igual o falou e non dixo nada, con quen ten que falalo que é co Presidente da Xunta, seguramente se falara diso non estaría hoxe traendo aquí unha moción, mocións que vostedes critican cando se trata de instar a alguén a facer algo porque a nós nos din que todo debe ir como un rogo pero vostedes o traen como moción, esto no fondo é un rogo á Xunta de Galicia.

En segundo lugar, Sr. Fernández Lores, creo que esto tamén denota un pouco de desleixo ou menosprezo dos representantes e dos deputados do BNG no Parlamento de Galicia, aquí ten un, o Sr. Bará, que se está de deputado no Parlamento e vai ter a oportunidade de presentar emendas no orzamento da Xunta de Galicia, home, que vostede veña aquí a pedir, desde o Concello, que pidamos que se faga esta previsión no orzamento da Xunta é que vostede no confía moito no Sr. Bará, eso é o que parece Sr. Fernández Lores.

E polo tanto dito isto, insisto, imos a votar a favor, confiamos en que se cumpra a normativa, xa nos gustaría que estivera executado este dragado pero os tempos hai que respectar os que marca a normativa e, dende logo, nós non estamos a favor de que se faga como se fixo aquí dende o Concello de Pontevedra unha actuación con afección medio ambiental sen ter os permisos establecidos pola normativa.

Nada máis e moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Moreira.

Sr. Bará Torres, ten a palabra.

O **Sr. Bará Torres:** Ben, non sei se hai un grupo aquí que ten a exclusividade á hora de presentar iniciativas e concretamente sobre este tema. Eu penso que estamos como dixen antes neste tempo oportuno para facer esta proposta, para aprobala por parte de esta Corporación. Hai unha nova Corporación, hai un novo goberno na Xunta, estamos no período previo á aprobación dos orzamentos do goberno galego, polo tanto máis oportuno non pode ser presentar neste momento esta iniciativa.

E con respecto á intervención do representante do Partido Popular, efectivamente un proxecto destas características é moi complexo, necesita moitos informes, pero cinco anos ou seis anos de tramitación parece que é un pouco excesivo, penso que xa podía estar culminado ese procedemento e as obras iniciadas. E non se preocupe vostede porque este parlamentario xa presentou esta iniciativa no Parlamento Galego; agardo que se poida tamén debater pronto como proposición non de lei e agardo que os seus compañeiros e compañeiras no Parlamento Galego voten a favor como están votando vostedes aquí porque sería a garantía de que se leva a cabo esta iniciativa, de que conta con financiación nos orzamentos da Xunta do ano 2017, porque o que di exactamente a moción é, que está tamén presentada no Parlamento, “instar

á Xunta de Galiza a dotar de unha partida orzamentaria, no orzamento de 2017, que permita licitar o proxecto de dragado do fondo da ría de Pontevedra nunha única fase; axilizar a aprobación do proxecto para que as obras poidan comezar ao longo do ano 2017", e como anunciei xa na miña primeira intervención aceptamos tamén a emenda do grupo socialistas que propón incluír un terceiro punto que é "Requirir á Xunta de Galiza para que explique se mantén os seus plans de executar as obras da estación marítima no antigo porto das Carbaceiras".

O que agardamos en todo caso é que vostedes, representantes do Partido Popular, teñan algunha capacidade de influencia ante os seus compañeiros que toman as decisións en Santiago e que se aprobe tamén esta iniciativa no Parlamento Galego e, sobre todo que se aprobe e que se faga eficaz nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017.

Rematado o debate sométese a votación a proposición presentada polo grupo municipal do BNG coa emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e aceptada polo grupo propoñente, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 2 concelleiros (2 do grupo municipal Ma.Po).

- Votos a favor: 23 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 7 do grupo municipal do PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 1 do grupo Mixto-Cidadáns).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, acorda:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a:

- Dotar dunha partida orzamentaria o orzamento do ano 2017 que permita licitar o proxecto de dragado do fondo da ría de Pontevedra nunha única fase.

- Axilizar a aprobación do proxecto para que as obras poidan comezar ao longo do ano 2017.

Segundo.- Requirir á Xunta de Galicia para que explique se mantén os seus plans de executar as obras da Estación Marítima no antigo porto das Corbaceiras.

8.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE OS PARQUES INFANTÍS ADAPTADOS: EMENDA DA AUTORA.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 15.11.2016, emitido sobre a proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre os parques infantís adaptados. Así mesmo dá conta da existencia dunha emenda do mesmo grupo propoñente presentada en substitución da proposición inicial e que seguidamente se transcribe:

"O Grupo Municipal do Partido Popular, presenta esta moción facéndose eco dun escrito que unha veciña de Pontevedra, M.ª José Freire Franco, entregou no rexistro deste Concello xunto con 1.162 firmas o 23 de setembro deste ano 2016.

"O obxectivo desta recollida de firmas é a vida en igualdade e sen barreiras para que ningún neno independentemente das súas capacidades quede sen xogar. Todo os nenos na súa infancia necesitan actividades de lecer e tempo de xogo que no caso dos nenos e nenas con diversidade funcional, é fundamental para potenciar as interrelacións cos seus compañeiros, estimular os seus sentidos e fortalecer a súa integración-social. Dentro das discapacidades físicas e motoras atopamos persoas que sofren a diario barreiras arquitectónicas que limitan a súa vida social e laboral. No

caso da infancia a maioría das veces estas barreiras son sufridas polos seus familiares, pero hai outras que non poden saltar porque nin sequera teñen esa posibilidade.

Dentro das actividades de lecer, os parques infantís forman parte fundamental nas súas vidas, pero para os nenos e nenas con mobilidade reducida iso transfórmase nunha nova barreira ao non contar éstes con xogos adaptados para as súas necesidades.

O artigo 4º do Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís en Galicia, di:

1. Os parques infantís serán accesibles para os menores discapacitados segundo o establecido na Lei 8/1997, do 20 de agosto (RCL 1997, 2392), de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 166, do 29 de agosto), tratándose de integrar posibilidades de xogo adaptadas para estas persoas.

Ante as últimas reformas realizadas no parque infantil da Praza de Barcelos, tiñamos a esperanza de que se contase con este colectivo tan vulnerable, pero unha vez mais, tócanos ás familias e as asociacións loitar por reclamar os seus dereitos."

María José Freire Franco.

Polo tanto, elevamos ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Solicitamos á Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra a instalación de elementos adaptados ás persoas con mobilidade reducida, como poden ser randeeiras para nenos e nenas con diversidade funcional e distintos grados de necesidade de apoio, así como a revisión de todos os parques municipais e, así mesmo, eliminar todos os elementos que impidan o acceso a nenas e nenos en cadeira de rodas ou cadeiras adaptadas."

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a dona María José Rodríguez Teso, concelleira do grupo municipal do PP.

A **Sra. Rodríguez Teso:** Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bo día a todos e a todas.

A emenda de substitución foi por un pequeno erro que houbo na presentación da moción, xa esta subsanado.

O Grupo Municipal do Partido Popular, presenta esta moción facéndose eco dun escrito de0 unha veciña de Pontevedra, M.ª José Freire Franco, entregou no rexistro deste Concello xunto con 1.162 firmas o 23 de setembro deste ano 2016, e o escrito di así:

"O obxectivo desta recollida de firmas é a vida en igualdade e sen barreiras para que ningún neno independentemente das súas capacidades quede sen xogar. Todo os nenos e nenas na súa infancia necesitan actividades de lecer e tempo de xogo que no caso dos nenos e nenas con diversidade funcional, é fundamental para potenciar as interrelacións cos seus compañeiros, estimular os seus sentidos e fortalecer a súa integración-social. Dentro das discapacidades físicas e motoras atopamos persoas que sofren a diario barreiras arquitectónicas que limitan a súa vida social e laboral. No caso da infancia a maioría das veces estas barreiras son sufridas polos seus familiares, pero hai outras que non poden saltar porque nin sequera teñen esa posibilidade.

Dentro das actividades de lecer, os parques infantís forman parte fundamental nas

súas vidas, pero para os nenos e nenas con mobilidade reducida iso transfórmase nunha nova barreira ao non contar éstes con xogos adaptados para as súas necesidades.

O artigo 4º do Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís en Galicia, di:

1. Os parques infantís serán accesibles para os menores discapacitados segundo o establecido na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 166, do 29 de agosto), tratándose de integrar posibilidades de xogo adaptadas para estas persoas.

Ante as últimas reformas realizadas no parque infantil da Praza de Barcelos, tiñamos a esperanza de que se contase con este colectivo tan vulnerable, pero unha vez mais, tócanos ás familias e as asociacións loitar por reclamar os seus dereitos."

Asinado María José Freire Franco."

Polo tanto, elevamos ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte proposta de acordo:

Solicitamos á Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra a instalación de elementos adaptados ás persoas con mobilidade reducida, como poden ser randeeiras para nenos e nenas con diversidade funcional e distintos grados de necesidade de apoio, así como a revisión de todos os parques municipais e, así mesmo, eliminar todos os elementos que impidan o acceso a nenas e nenos en cadeira de rodas ou cadeiras adaptadas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Rodríguez Teso.

Seguidamente concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, portavoz do grupo municipal Mixto-C's.

A **Sra. Rey Martínez:** Grazas.

Dende logo os meus parabéns para María José Feire Franco por esa loita á hora de reclamar os seus dereitos e, por ende, á concelleira Rodríguez Teso por darlle voz e traer a este pleno una moción coa a que nós estamos máis que de acordo.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

A continuación, en representación do grupo municipal Ma.Po, intervén a concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez.

A **Sra. Moreira Martínez:** Bos días, moitas gracias.

A convención das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno, aprobada no tratado internacional o 20 de novembro de 1989, establece no artigo 31 o dereito do neno ao descanso e esparexemento, ao xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes. Os estados asinantes, entre os que se atopa España, comprométense a promover o dereito do neno a participar plenamente na vida cultura e artística e propiciar oportunidades apropiadas, en condicións de igualdade, de participar na vida cultural, artística, recreativa e de esparexemento. O xogo e o ocio educativo e lúdico están recoñecidos como un dereito das nenas, nenos e adolescentes, básico para o seu desenvolvemento integral como persoa.

O cumprimento dos dereitos da infancia é unha responsabilidade compartida por

toda a sociedade, por iso o compromiso coa súa educación e coidado, incluíndo o ocio educativo e lúdico, é algo que nos atinxe a todas as persoas e, por suposto, ás Administracións públicas con máis ou menos competencia en materia de infancia. As actividades positivas de ocio educativo propician ambientes xeradores de estímulos, seguros e de confianza, necesarios para un axeitado crecemento vital, axudas as nenas, nenos e adolescentes a relacionarse socialmente, a modular a súa conduta, a enfrontarse e adaptarse con flexibilidade e permeabilidade ás experiencias e a desenvolverse emocionalmente.

Por mor diso, faise imprescindible que teñamos entre as nosas prioridades, como Administración local que somos, garantir que os nenos e nenas con discapacidade sensorial cognitiva e motora poidan disfrutar de un ocio educativo inclusivo, de un xeito libre e sen barreiras, nos parques infantís do noso Concello.

O Concello de Pontevedra conta con 53 parques infantís no ámbito urbano e rural, para os cales non existe un plan de mantemento que permita de unha forma ordenada e planificada cumprir coa accesibilidade.

Na redacción de esta moción votamos en falta que se recolla o mantemento e conservación, fálase da revisión dos parques infantís a través de brigadas municipais, exercendo unha xestión pública de estes espazos de ocio infantil. E tamén botamos de falta que en la eliminación de elementos que impidan o acceso se faga mención de un xeito explícito que esta eliminación de elementos son para favorecer o acceso universal aos nenos e nenas con discapacidade sensorial, cognitiva e motora.

Nós imos a votar a favor desta moción, grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Moreira.

De seguido, concede o uso da palabra á concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dona Paloma Castro Rey.

A **Sra. Castro Rey:** Bo día.

O PSOE vai votar tamén a favor desta moción como non podía ser de outra forma e, por unha banda, temos rexistrada unha moción en términos similares e, por outro lado, entendemos que a accesibilidade nos parque infantís é un reto pendente, tanto o parque como os elementos de xogo deberían ser accesibles para todos os nenos, isto crearía un espazo inclusivo no que os nenos e nenas divírtanse xuntos. Ademais, estudos técnicos realizados demostran que os parques infantís creados dende un inicio con criterios de accesibilidade son máis innovadores e divertidos, sempre máis seguros e non teñen un maior custo económico. Tamén, por outro lado, se trataría de cumprir a normativa e o que aludiu a miña compañeira, o Real decreto 245/2003 e a Lei 8/97 de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia.

Para rematar, como sabemos que a este goberno gústalle viaxar para tomar exemplos de outras cidades, recomendamos como exemplo de realización exemplar e auténtica declaración de compromiso sobre a concepción de xogo dende o punto de vista de accesibilidade o parque Tec d'or de Paris. E dentro do noso país tamén temos exemplos en Alicante, en Getafe ou incluso un parque novo que existe en Madrid.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Castro Rey.

A continuación intervén don Xosé Luís Bará Torres, en representación do grupo mu-

nicipal do BNG.

O **Sr. Bará Torres:** Moi bo día.

Agradecemos as suxestións e os consellos dos grupos municipais, dende logo a nós gústanos moito viaxar e facémolo frecuentemente aínda que vostedes o critiquen normalmente, e facémolo para aprender pero tamén para ensinar afortunadamente porque nos chaman de moitos sitios tamén para presentar pois todas as melloras e transformacións que se fixeron no noso Concello que son obxecto de recoñecemento e de admiración en todo o mundo, espero que se alegren por iso tamén.

En canto a esta moción, non utilizaron a Wikipedia, utilizaron o corta e pega e así pasa o que pasa, afortunadamente xa corrixiron o erro.

Agradecémoslle moito que traian aquí este tema porque nos permite falar dos parques infantís, da accesibilidade nos parques e da accesibilidade en toda a cidade porque esta é unha cidade modélica nese sentido, é un concello modélico, na integración das persoas, de todas as persoas, en condicións de igualdade nos espazos públicos e un modelo de cidade da infancia e para a infancia que é obxecto de recoñecemento e sobre todo para a figura mundial máis importante nesta materia como pode ser, como é Francesto Tonucci que pon a esta cidade de exemplo neste sentido. E isto é posible porque hai unha aposta política decidida e clara que, xa digo, moitas veces contou con resistencias e con oposición de persoas que se sentan na bancada da oposición e porque hai, tamén, un compromiso de traballo por parte dos técnicos municipais que se esmeran tamén para facer ben os proxectos e por ter en conta a accesibilidade en todos os espazos públicos e tamén nos parques infantís.

Polo tanto, as liñas de traballo deste goberno van no camiño de buscar a integración das persoas con discapacidade nos espazos públicos, tamén nos espazos e área de lecer, de facer máis accesibles tanto os espazos como os propios elementos de xogo. E esta moción ben derivada de unha iniciativa, de unha proposta, de unha persoa con respecto ao parque de Barcelos, xustamente cando o Concello de Pontevedra anunciou que ía ampliar o parque de Barcelos e que ía ter en conta a cuestión da accesibilidade e que se ían a instalar xogos e elementos de xogo accesible neste parque porque agora pódese ampliar porque gañamos espazos de uso peonil e podemos facelo e isto lévanos a falar, dende logo, do proxecto Barcelos; do feito de que gañásemos espazos de uso peonil no ámbito da praza de do colexio; de que os nenos e nenas do colexio poidan ter agora zonas de xogo que antes non tiñan; e que poidamos tamén dispoñer nese ámbito de zonas de actividade deportiva; e tamén de que poidamos ampliar o parque.

Iso podémolo facer porque contamos con un amplo respaldo social, contamos tamén co apoio de moita xente, sobre todo da comunidade escolar, pero contamos coa oposición contundente e frontal do Partido Popular que intentou que non se levase a cabo ese proxecto. Afortunadamente levouse a cabo, afortunadamente hoxe en día é recoñecido como una mellora pola maioría da poboación e agora permítenos precisamente ampliar o parque de Barcelos e instalar eses xogos adaptados que son necesarios neste parque e noutros parques da cidade onde xa se foron instalando en anos pasados.

E con respecto ao tema da conservación e mantemento dos parques, teño que dicirlles que no principio deste mandato encargamos un estudo sobre a situación dos parques infantís, que está a disposición de todos vostedes, onde se detectaban efectivamente algunhas deficiencias e que se foron corrixindo e que se van corrixindo

progresivamente. Polo tanto, estamos atentos a esas cuestións e hai un traballo sistemático e de moita calidade que fan os técnicos municipais para que os parques infantís estean nas mellores condicións.

Moitas grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Bará

Sra. Rodríguez Teso, ten a palabra.

A **Sra. Rodríguez Teso:** Moitas grazas, Sr. Alcalde.

Errar é humano, Sr. Bara, alégrome de que sexa vostede tan divino para non equivocarse nunca.

O estudo ese que di vostede que encargaron espero que sexa un pouco máis exhaustivo do que parece que era, hai dous meses que vostede dicía que en Monteporreiro non había problemas e despois tivo que emendarse como min, así que xa non é tan divino, tamén errou.

En fin, hai máis de tres anos que prometeron vostedes ese parque adaptado en Barcelos, máis de tres anos, entón ten que entender que os veciños o pidan porque como prometeron pero non cumpren pois por iso.

É moi importante que entre todas e todos axudemos a facer visible unha realidade e é que por enriba da diversidade funcional está a persoa e temos que aprender a ver máis alá de un bastón ou de unha cadeira de rodas e ver ao neno. Os nenos e nenas con diversidade funcional son ante todo nenos e nenas e non só teñen dereito a xogar senón que deben facelo. Teñen que aprender, ao igual que calquera neno, valores como compartir, o traballo en equipo, aprender a sociabilizarse etc. Non estamos a mendigar un columpio adaptado ao que por lei teñen dereito senón que queremos ir máis alá, que os parques de Pontevedra sexan lugares onde todos teñamos cabida, nenos, adultos e maiores podemos disfrutar de unha zona de ocio e que poidamos dicir que Pontevedra é unha cidade para todos e todas, independentemente da idade, condición, raza, sexo ou diversidade funcional, porque todos nacemos dependentes e volvemos a ser dependentes cando nos facemos maiores, porque a diversidade funcional non resta senón que enriquece. Porque podemos falar varios idiomas pero nembargantes non saber comunicarnos, iso pasa moitas veces aquí.

Hai nenos e nenas que utilizan Braille, a linguaxe de signos, pictogramas, ou simplemente a ollada pero iso non os fai menos validos; todas as persoas, nenos e adultos, somos diferentes nembargantes moitas veces somos intolerantes ante a diferenza. Non se pode amar aquilo que non coñecemenos e non se pode coñecer aquilo ao que damos a espalda; entre todos podemos facer as cousas moito mellor e pregámoslle que iso de adaptar os parques non se quede só en promesas, que ese parque no que puxeron un columpio adaptado, que é o parque das Palmeiras, pensen que a parte de poñer o columpio adaptado ten que ser accesible chegar ao columpio, que non é.

Moitas grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Rodríguez Teso.

Sr. Bará, ten a palabra.

O **Sr. Bará Torres:** Si, ben, iso de nembargantes soa un pouco raro, así un pouco an-

ticuado, recomendaríalle que o corrixise para próximas intervencións, en todo caso teño que precisarlle con respecto ao texto da moción que hai un erro aquí no texto que vostedes cortan e pegan que di "ante as última reformas realizadas no parque infantil de Barcelos tiñamos a esperanza de que se contase con este colectivo, non houbo aínda ningunha reforma no parque infantil de Barcelos, houbo as reformas na prazas ás que vostedes se opuxeron e que permiten que agora se poida ampliar o parque infantil e que se poidan instalar estes xogos demandados.

Polo tanto, como vexo que se suman a este proceso imparable de transformación da cidade e de que a accesibilidade se converta e sexa unha cuestión fundamental no noso modelo pois imos, como xa fixemos na comisión por certo, imos votar a favor desta moción.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Bará.

Sra. Rodríguez Teso, brevemente.

A **Sra. Rodríguez Teso:** Moitas grazas, Sr. Alcalde, só para pechar.

Como don perfecto divino non para de corrixirme pois vamos a instalo tamén a que lle dea unhas clases ao resto da Corporación, xa que é perfecto falando galego, encántame, porque eu perfecta non son pero bueno son humana que é moito mellor.

Moitas grazas.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria e, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), e de conformidade co ditame da Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos, acorda aprobar a proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre os parques infantís adaptados, na redacción dada na súa emenda anteriormente transcrita.

9.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA DOTAR CON DESFIBRILADORES AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), declárase a urxencia da presente proposición.

Seguidamente, de orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame favorable, por maioría (abstención do grupo municipal do BNG), da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 17.11.2016 emitido sobre a proposición do grupo municipal do Partido Popular para dotar con desfibriladores as instalacións deportivas e outros edificios municipais do Concello.

O texto íntegro da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular é do teor literal seguinte:

"O artigo 43 da Constitución Española recoñece o dereito á protección da saúde e declara que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

Doutra banda, a Lei 7/2003, de 9 de decembro, de Ordenación Sanitaria de Galicia, reflicte o exercicio daquelas competencias, asegurando a efectividade do dereito dos cidadáns á protección da súa saúde, recoñecido no xa citado artigo 43 da Constitución, mediante a ordenación dos recursos, actividades, servizos e prestacións que teñan por finalidade a promoción e protección da saúde, a prevención da enfermida-

de, a asistencia sanitaria e a rehabilitación, e entre os que se inclúe evidentemente, unha asistencia de urxencia que dispoña dos recursos necesarios para salvagardar a vida do paciente.

Calcúlase que no noso país prodúcense anualmente máis de 30.000 paradas cardíacas extra hospitalarias, moitas delas en poboación nova e igualmente no ámbito deportivo, e neste non só entre os practicantes senón tamén entre o público asistente ou espectadores. De todas as situacións de urxencia sanitaria, a parada cardiorrespiratoria repentina contémplase como unha situación única, na que o obxectivo principal e inmediato é recuperar a vida do que a sofre. Segundo as estatísticas, nun 80% das mortes que se producen por insuficiencia cardiovascular, estas poderíanse evitar se os afectados recibisen unha atención cun desfibrilador de forma inmediata, é por iso que esta moción incida en dotar destes aparellos ás instalacións deportivas e os edificios públicos deste concello que carecen do mesmo, posto que son lugares moi concorridos e onde hai unha gran afluencia de persoas o cal aumenta a posibilidade de que se produza unha parada cardiorrespiratoria.

As causas máis frecuentes no medio extra hospitalario desta situación nun adulto, son a fibrilación ventricular e a taquicardia ventricular, que teñen como tratamento efectivo da mesma a desfibrilación eléctrica temprana, consistente na aplicación dunha descarga eléctrica no peito do paciente, tal e como propón a comunidade científica, para o que se recomenda o uso do desfibrilador externo semiautomático, que é o equipo técnico homologado, capaz de analizar o ritmo cardíaco, identificar as arritmias mortais e administrar unha descarga eléctrica coa finalidade de restablecer un ritmo cardíaco viable, con altos niveis de seguridade.

Nos últimos tempos a tecnoloxía desenvolveu estes equipos desfibriladores externos que cunha mínima aprendizaxe, ata por persoal non sanitario, posibilitan acurtar o tempo ata a desfibrilación e evitar a ruptura da cadea de supervivencia, polo que;

Elevamos ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Que se aprobe dotar con Desfibriladores Externos Semi Automáticos (DESA) as seguintes instalacións deportivas da cidade: Campo de Fútbol e Rugby de Herba Sintética de Monteporreiro, Pavillón de Monteporreiro e Pavillón Municipal de Marcón.

2.- Dotar igualmente con Desfibriladores Externos Semi Automáticos (DESA) os seguintes edificios públicos municipais: Edificio Administrativo do Concello de Pontevedra, Pazo dá Cultura-Recinto Feiral, Mercado Municipal de Abastos, Teatro Principal-Edificio Administrativo anexo, Servizos Operativos, e calquera outra dependencia que o "Comité de Seguridade e Saúde" deste concello recomende.

3.- Favorecer todas as medidas necesarias para a formación no manexo e utilización dos citados desfibriladores por parte do persoal interesado que desenvolva a súa actividade profesional nas mesmas, co obxectivo final de cardioprotexer a todos os deportistas da nosa cidade, así como a todos os usuarios, visitantes e funcionarios que frecuentan ou desenvolven a súa actividade nas mesmas.

4.- Difundir publicamente nos Medios de Comunicación local e a través dos medios de difusión municipal, este Acordo para poñer en coñecemento da poboación pontevedresa o seu contido dada a importancia vital do mesmo."

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Manuel

Tomás Abeigón Costa, concelleiro do grupo municipal do PP.

O **Sr. Abeigón Costa:** Gracias Sr. Alcalde, buenos días señoras y señores compañeros concejales de esta Corporación, funcionarios del Ayuntamiento, medios de comunicación y, como no, a todos los asistentes del pleno de hoy.

Como bien nos ha indicado el Sr. Secretario del Pleno, esta moción que se titula dotar con desfibrilidadores instalaciones deportivas y otros edificios municipales del Ayuntamiento de Pontevedra, es una de esas mociones por las cuales uno se puede sentir especialmente orgulloso de estar en política, porque esta moción es una medida de gran impacto que contribuye a salvar vidas, y se impera el sentido común que aunque a veces, en este ámbito en el de la política, es el menos común de los sentidos, nuestra propuesta debería hoy contar con el beneplácito del resto de los grupos políticos con el fin de que se cumpla nuestro objetivo que es cardio proteger la ciudad e de Pontevedra.

La primera parte de la moción hace referencia a aspectos de carácter legislativo como es la lei 7/2003, de 9 de diciembre, de ordenación sanitaria de Galicia, o el artículo 43 de la Constitución Española que reconoce el derecho a la protección de la salud y declara que compete a los poderes públicos organizar y tutelar la salud pública a través de las medidas preventivas.

Se calcula que en nuestro país se producen anualmente más de 30.000 paradas cardiorespiratorias extrahospitalarias, muchas de ellas en población joven e incluso en al ámbito deportivo, y en éste no solamente entre los que practican deporte, entre los practicantes de deporte, sino también entre el público asistente o los espectadores. De todas estas situaciones de emergencia sanitaria, la parada cardiorrespiratoria repentina se contempla como una situación única, en la que el objetivo principal e inmediato es recuperar la vida del que la sufre.

En Galicia las enfermedades cardiovasculares constituyen uno de los problemas de salud más importantes. Entre el año 2001 y el 2005 el servicio de urgencias sanitarias de Galicia aplicó el desfibrilador externo semiautomático, también conocido como DESA, a 5.000 pacientes. Según las estadísticas la incidencia por muerte súbita es de un caso por mil habitantes al año, Pontevedra tiene 83 mil habitantes.

En un 80% de las muertes que se producen por insuficiencia cardiovascular, éstas se podrían haber evitado si los afectados recibiesen una atención con un desfibrilador de forma inmediata, es por ello que esta moción incide en dotar de estos aparatos las instalaciones deportivas que no los tienen, unas las tienen y otras no los tienen, y los edificios públicos de este Ayuntamiento que carecen del mismo, puesto que son lugares muy concurridos, donde trabajan muchas personas, hay muchos funcionarios y también hay una grandísima afluencia de personas, lo cual aumenta la posibilidad de que se produzca una parada cardiovascular.

Es decir, que por salud pública, la salud que afecta a todos, y por salud laboral, salud laboral que afecta a los trabajadores del Ayuntamiento, como así nos lo ha hecho saber el Técnico municipal de prevención de riesgos laborales de este Ayuntamiento, es recomendable que se instalen estos equipos.

Para terminar podría decir que las causas de esta situación son la fibrilación ventricular y la taquicardia ventricular, son términos de carácter médico pero si tenemos que saber que tienen como tratamiento efectivo únicamente en la misma la disfibrilación eléctrica temprana que consiste en que nos aplican, en el caso de que nos pase esto, una descarga eléctrica en el pecho y, tal y como propone la comunidad científica, este remedio suele ser de gran utilidad si se hacen con los equipos técnicos ho-

mologados, puesto que son los únicos que recuperan o restablecen el ritmo cardíaco la tecnología, hoy en día, ha permitido desarrollar estos equipos que, con un mínimo aprendizaje, prácticamente lo puede desarrollar cualquiera, no hace falta ser personal no sanitario, por lo que nuestra propuesta de acuerdo, para aprobación aquí en el pleno, son cuatro puntos y el primero es: que se apruebe dotar con desfibriladores externos semi automáticos (DESA) las siguientes instalaciones deportivas de la ciudad: El estadio municipal de Pasarón que sabemos que tiene dos pero consideramos que alguno a mayores no le vendría mal; el campo de fútbol de hierva sintética de Monteporreiro, el pabellón de Monteporreiro; el apabellón Municipal de Marcón; segundo: dotar igualmente con desfibriladores externos semi automáticos, es decir lo s mismos que antes, los siguientes edificios municipales: el edificio administrativo del Ayuntamiento de Pontevedra que es el actual edificio en el que se realizan prácticamente la mayoría de las funciones administrativas; el Pazo da Cultura junto con el Recinto Ferial en estos dos haría falta uno solo; el mercado municipal de abastos; el Teatro Principal, recinto en el que nos encontramos ahora, junto con el edificio administrativo que se encuentra en la parte superior; los servicios operativos y cualquier otra dependencia que el Comité de Seguridad y Salud, que es un ente que está en este Ayuntamiento, recomiende; tercero: favorecer todas las medidas necesarias para la formación en el manejo y utilización de los citados desfibriladores por parte del personal interesado que desarrolle su actividad profesional en las mismas, con el objetivo final de cardioproteger a todos los deportistas de Pontevedra, así como a todos los usuarios, visitantes y funcionarios que frecuenten o desarrollen su actividad en las mismas; y cuarto: difundir públicamente en los Medios de Comunicación local y a través de los medios de difusión municipal, este acuerdo para poner en conocimiento de la población de Pontevedra su contenido, dada la importancia vital del mismo.

Concluyo diciendo que los costes de estos aparatos no son elevados, el precio medio de un desfibrilador, de un DESA de alta calidad, está en torno a 1.195 euros, del mejor modelo a los 925 del modelo más económico. Aunque este grupo, el Partido Popular, entendemos y creo que ustedes así también lo entenderán, la adquisición de un aparato que salva vidas no es un gasto si no una inversión y que la vida de ningún pontevedrés debe estar en juego por el coste de ningún aparato.

Queremos transmitir un mensaje a la ciudadanía de que la muerte súbita no es inevitable, la muerte súbita es evitable, si tenemos un desfibrilador a mano que lo podamos usar y de hecho está que ya se usó, uno de los que tenemos actualmente ya se usó, y que debería haberlo en todos los edificios públicos y el Ayuntamiento de Pontevedra tiene que estar a la altura de estas circunstancias cuanto antes por si se da un caso poder estar a la altura y resolver este problema con un final feliz.

Quiero terminar agradeciendo al Ilustre Colegio Oficial de Médicos de Pontevedra que apoyan y respaldan nuestra moción y la estiman oportuna, escrito que viene firmado por el doctor Campos Villarino que es su presidente; y también queremos agradecer la colaboración de la Fundación Pública de Urgencias Sanitaria de Galicia, el 061, a Oscar Díaz Castro, Jefe del servicio de cardiología estructura de gestión integrada Pontevedra-O Salnés.

Nada más, muchas gracias Sr. Alcalde.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Abeigón.

A continuación, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, intervén o seu portavoz don Agustín Fernández González.

O **Sr. Fernández González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Hoxe estamos de noraboa, ao Sr. Abeigón custoulle 17 meses e unha cantas ocorrencias presentar unha moción sensata pero ao final conseguiuno e creo que debemos felicitalo por iso e tamén ao Sr. Moreira que tanto confiou nel e tantas oportunidades lle deu nesta travesía de estes meses. Esperemos que isto no sexa como a fábula do burro e a flauta, dito sexa co maior dos respectos e con toda a miña consideración, que e a que merece o noso insigne concelleiro.

Este humilde exterminador do deporte pontevedrés anúncialle que o Partido Socialista vai a apoiar a súa moción e anímalle a seguir polo camiño da sensatez que evidentemente é espiñoso e ata proceloso pero seguro que lle reportará grandes satisfaccións a vostede a aos seus descendentes se algún día se lles ocorre ler as actas dos plenos.

Moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández González.

De seguido concede o uso da palabra a dona María dos Anxos Riveiro Portela, concelleira do grupo municipal do BNG.

A **Sra. Riveiro Portela:** Moi bo día.

Pois acolléndome ao segundo parágrafo da súa exposición de motivos, a min me gustaría poder engadir un punto previo ao resto dos puntos que están na súa proposta de acordo no que se puidera instar á Consellería de Sanidade, en aplicación das súas competencias, para que regulase a instalación de disfibriladores externos fóra do ámbito sanitario. En estes momentos esta comunidade autónoma carece de esa regulación como a están levando á práctica outras como Andalucía, País Vasco, Cataluña, Canarias, tamén Asturias recentemente en este mes de setembro, que a través de un decreto pois regulou o uso destes dispositivos. Dígoo porque sería moi interesante que se permitirse unha unidade de criterios para todo o país e a Administración competente é en este caso a propia consellería de Sanidade a través da súa área de área de saúde pública. Isto, que significa? Significa que como fan noutras comunidades autónomas pois se regule, por exemplo, en que instalacións deportivas teñen que estar e en cales non, en que espazos públicos teñen que estar e en cales non, por exemplo en Asturias se regula que para instalacións deportivas que teñen unha afluencia media diaria de máis 500 persoas ou, por exemplo, locais de espectáculos públicos con aforo de máis de 750 persoas; en outras comunidades esta cifra varía aínda que son coincidentes, por exemplo, Cataluña, Canarias e tamén Andalucía que foi a pioneira en introducir este tipo de regulamento.

En todo caso, desde o grupo de goberno imos a apoiar esta moción pero si que me gustaría que se recollese este punto porque me parece necesario. Logo tamén comentarlles que creo que fomos pioneiros na introdución destes dispositivos nas instalacións deportivas, temos neste momento tres.

O que si me gustaría aclarar porque vostede o dixo como algo que se daba a entender que non era moi necesario pero si que o é, a cuestión de formación das persoas que nas instalacións deportivas pois vaian a atender o uso destes dispositivos, no Concello de Pontevedra hai máis de cinco anos que se puxeron en marcha e veu acompañado de un curso de formación intensiva, neste caso para todos os operarios do Instituto Municipal de Deportes. Esta mesma semana se vai a facer outro novo

curso, é dicir, que é necesaria unha formación continua porque non soamente é aplicar con un botón o que se di esa descarga se non que tamén é necesario outro tipo de coñecementos.

Desde logo que, paulatinamente, trataremos de ir introducindo nos restantes servizos do Concello o uso dos mesmos pero eu insisto na necesidade de unha regulación que permita esa unidade de criterio en todo o país e que non faga diferenzas de as persoas que acuden a un pavillón deportivo en Pontevedra con outras que acuden en Vilagarcía o mesmo un espectáculo en un auditorio como o de Pontevedra ou noutro como pode ser en Vigo e demais. Debe haber unha unidade de criterio e esta debe aplicarse.

Na prensa viña estes días que desde a Consellería de Sanidade se ía por en marcha unha especie de drons xeolocalizadores para a aplicación de determinadas cuestións a este respeito pero iso creo que non ten moito que ver co que aquí se está demandando.

En todo caso, o noso voto a favor e me gustaría que se puideran introducir ese apartado un previo aos puntos que vostedes plantean.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Riveiro.

Sr. Abeigón, ten a palabra.

O **Sr. Abeigón Costa:** Sr. Fernández, don Agustín, ya sabíamos que usted era una persona muy lista y que se cree que Stephen King es el dueño del burguer, lo que no sabíamos es que usted quería utilizar este espacio del Pleno del Ayuntamiento de Pontevedra, porque se retransmite por streaming para prodigarse como gracioso, eso nos es, cuando menos, novedoso.

En principio, nosotros vaya por delante nuestro agradecimiento a los grupos que le han votado, que han votado esta moción en la comisión y porque entendemos que votar esta moción es votar a favor de los ciudadanos de Pontevedra y qué pasa, que el resto de las mociones no lo es, si; pero esta concretamente, por lo que dije antes es una moción de gran impacto que contribuye a salvar vidas y por ello le reitero nuestro agradecimiento a los grupos, a Ciudadanos, le reitero nuestro agradecimiento al PSOE, y le reitero también a Marea, que hayan hecho un ejercicio de sensatez y de responsabilidad los tres apoyándola.

Miren, preparando el pleno esta semana pasada, dado que nuestros compañeros de Marea Pontevedra últimamente en cada moción que en materia deportiva presentamos el Partido Popular, se abstenían, decidí buscar en Google otras acepciones o reflexiones sobre el concepto de la abstención que me permitiesen entender otras aceptaciones o incluso llegar a empatizar con ellos y mi sorpresa es que si ponen en Google abstención aparece Marea Pontevedra; esto, hasta el jueves de la semana pasada, fecha en la que se celebró la comisión de Bienestar Social, porque desde entonces si ponemos en Google abstención aparece Bloque Nacionalista Galego; le recuerdo que en la citada comisión se han abstenido en todo y yo la única explicación que le encuentro a este fenómeno es la misma por la que los bostezos se pegan, la risa puede ser contagiosa, ver llorar a otras personas nos emociona y si oímos toser nos entran ganas de hacerlo, sencillamente porque sufrimos un efecto espejo llamado ecocinesis que es una imitación involuntaria e impulsiva que el cerebro hace de los gestos y conductas vistos en los otros, también llamado automatismo imitativo o ecoprasia y aquí en el pleno pues ahora la ecoginexis está en abstenerse, aunque eso si Marea Pontevedra en esta ocasión no se ha abstenido y ha votado a

favor de la moción, no porque la presente el grupo municipal del Partido Popular sino porque beneficia a los pontevedreses, cosa que ustedes no lo hicieron en la comisión. Por cierto, lo de Google es una broma, no lo busquen porque veo que están ahí con el teléfono, es una forma de ironizar.

Ayer, usted Sr. Alcalde, acudió a un acto organizado por Stop Accidentes y contó que a veces le paraban por la calle y le comentaban cosas con el tema de la reducción de velocidad, puntualizando por su parte y con énfasis, con las vidas humanas no acepto bromas y ¿sabe una cosa?, los allí presentes le creímos, si, si, le creímos, Sr. Alcalde, le creímos y en la comisión, curiosamente, ustedes se abstienen, paradójicamente en una comisión una moción que presentamos para salvar vidas.

Mire, en el acta del Comité de Seguridad y Salud, que es un ente, que lo dije antes, que hay en este Ayuntamiento, con fecha 19 de abril del 2013, se le pidió la instalación de desfibriladores, a día de hoy no los hay, con las vidas humanas no acepto bromas, dijo ayer el Alcalde de Pontevedra; en el acta del Comité de Seguridad y Salud de fecha 14 del 10 del 2015, dos años después tiempo tuvo, el representante sindical del CSIF pregunta de nuevo sobre la dotación de los desfibriladores que están sin entregar, “con las vidas humanas no acepto bromas”, dijo ayer el Alcalde de Pontevedra y así podría seguir leyendo más actas que tengo aquí. Usted ha dicho ayer “con las vidas humanas no acepto bromas”, pues sabe qué parece, que con este asunto se lo están tomando a broma.

Aceptamos la enmienda porque creemos que es positiva para los vecinos de Pontevedra y esto es todo, muchas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Abeigón.

Sra. Riveiro Portela, se acepta a emenda non fai falta.

A **Sra. Riveiro Portela:** É que non entendín a última parte do que acaba de dicir o Sr. Abeigón. Nós en todo momento dixemos que íamos a votar a favor, entón ese enfado preparado de antemán podía telo rectificado. Simplemente ratificar o noso voto a favor por suposto.

O **Sr. Abeigón Costa:** Sencillamente que les he entendido, lo que ocurre es que la comisión se han abstenido y le aceptamos la enmienda, de acuerdo.

Y le vuelvo a repetir, con las vidas humanas no acepto bromas, lo dice hoy el concejal popular Tomás Abeigón.

Rematado o debate, sometese a votación a proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular coa emenda presentada “in voce” pola Concelleira de goberno delegada da área de Deportes, Cultura e Dinamización Sociocultural e, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), préstalle a súa aprobación e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Instar á Consellería de Sanidade, en aplicación das súas competencias, para que regule a instalación de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario.

Segundo.- Que se aprobe dotar con Desfibriladores Externos Semi Automáticos (DESA) as seguintes instalacións deportivas da cidade: Campo de Fútbol e Rugby de Herba Sintética de Monteporreiro, Pavillón de Monteporreiro e Pavillón Municipal de Marcón.

Terceiro.- Dotar igualmente con Desfibriladores Externos Semi Automáticos (DESA) os seguintes edificios públicos municipais: Edificio Administrativo do Concello de Pontevedra, Pazo dá Cultura-Recinto Feiral, Mercado Municipal de Abastos, Teatro Principal-Edificio Administrativo anexo, Servizos Operativos, e calquera outra dependencia que o "Comité de Seguridade e Saúde" deste concello recomende.

Cuarto.- Favorecer todas as medidas necesarias para a formación no manexo e utilización dos citados desfibriladores por parte do persoal interesado que desenvolva a súa actividade profesional nas mesmas, co obxectivo final de cardioprotexer a todos os deportistas da nosa cidade, así como a todos os usuarios, visitantes e funcionarios que frecuentan ou desenvolven a súa actividade nas mesmas.

Quinto.- Difundir publicamente nos Medios de Comunicación local e a través dos medios de difusión municipal, este acordo para poñer en coñecemento da poboación pontevedresa o seu contido dada a importancia vital do mesmo.

Incidencias.- Auséntase da sesión don Manuel Tomás Abeigón Costa e don José Luis Martín González.

10.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PDDEG-PSOE RELATIVA Á ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APROBADA NO ENCONTRO DE CIDADES POLA AUGA PÚBLICA, CELEBRADO EN MADRID O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2016.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (23), declárase a urxencia da presente proposición.

O texto íntegro da proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE é do teor literal seguinte:

"A auga é esencial para a vida no planeta. Os ecosistemas acuáticos (os ríos, lagos, manantiales, zonas húmidas, etc.), máis aló da súa utilidade na agricultura, a industria e a produción de enerxía, desempeñan funcións crave para a biosfera e para a propia existencia das sociedades humanas. O recoñecemento dos múltiples valores culturais, sociais, ambientais e económicos en xogo conduce á súa consideración como activo ecolóxico e social e é o que explica que a Directiva Marco do Auga, no seu considerando primeiro, estableza que a auga "é un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal".

O carácter vital e esencial do auga é tamén o que conduciu á Asemblea Xeral das Nacións Unidas a declarar, en xullo de 2010, que o dereito ao abastecemento e saneamento adecuado é "un dereito humano esencial para o pleno goce da vida e de todos os dereitos humanos".

A consideración do auga como un ben común e como dereito humano básico esixe un modelo de xestión que non se subordine á obtención do beneficio privado e que garanta a eficacia, a solidariedade, a eficiencia, a equidade, o control democrático dos operadores dos servizos do auga e a conservación dos ecosistemas acuáticos. O debate científico e a experiencia cidadá das últimas décadas demostraron que este modelo só pode ser garantido plenamente a través da xestión pública do ciclo integral do auga.

Os servizos de abastecemento e saneamento constitúen un mercado cautivo onde a competencia só existe cando as empresas tratan de conquerir o control da xestión do auga e daquelas partes rendibles do ciclo integral do auga. Cando o conseguen, es-

tablécese de facto un monopolio privado que elimina calquera tipo de competencia.

A privatización implica tamén unha diminución da calidade da democracia ao impedir a participación e o control da cidadanía na xestión dos servizos do auga.

Fronte a estes datos, é un feito que as empresas públicas ben xestionadas son máis eficientes e cumpren ao mesmo tempo cos obxectivos de equidade social e conservación dos ecosistemas, como o veñen demostrado desde fai moito tempo entidades como EMASESA, EMACSA, EMASA, ACOSOL, Canal de Isabel II, Consorcio de Augas do Gran Bilbao, EMALCSA, Aigües do Ter-LLobregat e un longo etc., consideradas como as empresas de referencia do Estado español.

Os socialistas defendemos un modelo que combine a calidade e a eficiencia na prestación do servizo, coa transparencia e a participación cidadá na súa xestión. Defendemos un modelo de xestión que entenda e asuma plenamente que unha boa saúde dos ecosistemas acuáticos é a garantía básica de satisfacción das necesidades humanas a longo prazo. Un modelo de xestión consciente que a eficiencia e a equidade na xestión do sistema só garántese con profesionalidade, transparencia, acceso á información, rendición de contas, participación activa dos traballadores das propias empresas e control público directo da cidadanía.

Neste contexto, ven de celebrarse o pasado día 4 de novembro, un encontro de cidades pola Xestión Publica da Auga na que estiveron presentes entre outras, Barcelona, Córdoba, Madrid, Valladolid, Valencia, Zaragoza e Compostela, entre outros. Nese encontro aprobouse unha Declaración Institucional en defensa da Xestión publica da Auga coa que os Socialistas de Pontevedra nos sentimos plenamente identificados.

En base ao anterior propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- O Pleno do concello asume e aproba a seguinte Declaración sobre a Xestión Publica da Auga

O Pleno do concello de Pontevedra manifesta o compromiso cunha xestión pública, transparente, participativa e sostible do ciclo integral da auga, e nese senso:

Consideramos

1.- Que a auga e os ecosistemas asociados son bens comúns que non poden ser obxecto de apropiación en beneficio de intereses privados. Todos os bens e recursos da natureza forman parte do patrimonio natural do planeta e son indispensables para o sostemento da vida e debemos xestionalos con solidariedade, sostibilidade, cooperación mutua, acceso colectivo, equidade e control democrático.

2.- Asumimos que o abastecemento de auga é un dereito humano que, dacordo co corpo doutrinal de Nacións Unidas, é indispensable para vivir dignamente sendo condición previa para a realización doutros dereitos fundamentais. O seu abastecemento debe ser universal, garantindo un mínimo vital a todas as persoas e nunca será recortado por motivos económicos ou sociais.

3- Pero ademais, a través de a xestión pública de abastecemento e saneamento do auga debemos propoñer novas formas de control social que garantan a transparencia, a información, a rendición de contas e a participación cidadá efectiva. Tamén que se establezan instrumentos de participación cidadá nos servizos vinculados ao ciclo urbano do auga.

4.- E é por todo iso que rexeitamos a privatización dos servizos do ciclo integral urbano da auga e apoiamos os procesos de remunicipalización que se están levando a

cabo en numerosas cidades e pobos.

5.- Entendemos que as Administracións Locais teñen a responsabilidade de adoptar as decisións oportunas para asegurar a sostibilidade do ciclo integral urbano, de acordo coa Directiva Marco da Auga europea. Poñeremos os medios para que, dende a xestión pública, se presten os servizos cumprindo cos estándares máis esixentes de calidade e eficiencia, garantindo unha xestión transparente na que participe a cidadanía.

6.-Finalmente, apoiamos a constitución dunha rede de cidades pola auga pública, que mediante un funcionamento horizontal entre todos os actores interesados na xestión do ciclo integral da auga (cargos públicos, operadores públicos, organizacións sociais, persoas expertas, cidadanía), permita o acceso a información e ao coñecemento, a posta en común dos problemas existentes e das experiencias levadas a cabo e a proposta de actividades de interese común."

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Agustín Fernández González, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O **Sr. Fernández González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Os días 3 e 4 de novembro vense a celebrar en Madrid o encontro de cidades pola auga pública, organizado polo Concello de Madrid e a rede Auga Pública; alí estiveron presentes, entre outros concellos ademais do organizador de Madrid, os de Barcelona, Valencia, Córdoba, Coruña, Terrasa, Zaragoza, Valladolid ou Santiago, Pontevedra non estaba, vese que non había nivel.

Nesas xornadas debateuse sobre o carácter público do auga e a necesidade de reformular a privatización da xestión do abastecemento de auga potable, non vou a estenderme nas conclusións porque son públicas, atópanse resumidas xa na propia declaración asinada polos asistentes; só centrareime en recalcar que os alcaldes destes concellos concluíron que, como recoñece a ONU, a auga é un dereito humano e que a xestión pública da auga é máis eficaz, e máis eficiente, e máis rendible, dende o punto de vista social e económico e, polo tanto, adquiriron o compromiso de estudar a municipalización da xestión.

Por que traemos esta proposta hoxe a esta pleno? Porque se dan as circunstancias políticas para traela; porque temos un servizo de abastecemento de auga privatizado, porque temos un auga cara para os cidadáns, porque temos unha concesión a piques de rematar, temos un grupo de goberno que, no seu momento, cando non era goberno, alá polo 1996 se opuxo á privatización do servizo argumentando que podía ser remunicipalizado, e temos unha formación política que sustenta ao goberno que no seu programa marco para as municipais recolle esta opción naqueles concellos nos que se sexa posible.

Polo tanto, danse todas as circunstancias para plantexar hoxe aquí que sexa apoiada polo goberno en liña coa filosofía que mantiña no momento da concesión da xestión de abastecemento de auga como agora a teor do seu propio programa marco; outra postura sería bastante difícil de entender e, sen dúbida, esixiría explicacións do cambio de actitude e de posicionamento por parte do grupo que sustenta o goberno.

Os socialistas, ao igual que se manifestou nesas xornadas, entendemos que a auga é un ben común e que esixe un modelo de xestión que non estea subordinado á obtención de beneficio económico e entendemos que a experiencia acumulada nestas décadas de xestión privada fainos ter hoxe unha capacidade de comparar e de constatar que o mantemento da privatización non sempre é un bo camiño, así o es-

tán a recoñecer concellos de gran importancia e algúns, como o de Valladolid, xa están dando pasos para recuperar o control público da auga.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión don Manuel Tomás Abeigón Costa e don José Luis Martín González.

É posible facer as cousas ben dende o público, non é que demonicemos as concesións, que poden ser beneficiosas noutros ámbitos, pero no tema da auga entendemos que hai que traballar para recuperar o control público. Exemplos hai de abondo que poñen de manifesto as vantaxes da remunicipalización ou da municipalización da auga. Pola contra, a análise dos vinte anos desta concesión que está a piques de rematar non sempre se pode facer de xeito positivo porque hai moitas facetas moi mellorables.

Eu non vou a estenderme máis, na exposición de motivos da proposta contense a xustificación da mesma e o contido da declaración é claro e nítido, as cidades de vangarda estatal xa o asinaron e esperamos e confiamos en que hoxe Pontevedra tamén se sitúe á vangarda. Dado que o Alcalde e o BNG sempre fan gala da súa coherencia política, non teño dúbidas de que hoxe contaremos aquí co seu apoio para sacar adiante esta declaración e a partir de xa traballar para remunicipalizar o servizo iniciando, con carácter inmediato, os estudos necesarios.

Moitas gracias.

Incidencias.- Auséntase o Sr. Alcalde-Presidente asumindo a Presidencia a primeira Tenente de Alcalde, dona María Carmen Da Silva Méndez.

A **Sra Tenente de Alcalde-Presidenta:** Grazas, Sr. Fernández.

A continuación, concede o uso da palabra á portavoz do grupo municipal Mixto-Ciudadanos, dona María José Rey Martínez.

A **Sra. Rey Martínez:** Gracias.

Esencialmente estoy de acuerdo con parte de la teoría de este manifiesto pero creo que es excesivamente complejo y además si seguimos y nos guiamos por los conceptos de eficacia y eficiencia debemos valorar, tal y como propuso Marea en una moción anterior, cual es la opción en la práctica más conveniente para la ciudad, en estos temas no debemos estar al servicio de las circunstancias políticas, si son o no son las más adecuadas y no atender únicamente a circunstancias económicas.

A **Sra Tenente de Alcalde-Presidenta:** Grazas, Sra. Rey.

Sr. Rei, ten a palabra.

O **Sr. Rei Núñez:** Nós estamos a favor desta proposición do grupo socialista. Para Marea o rescate do ciclo da auga, o rescate dese ciclo da xestión de ese ciclo é importantísimo, apoiamos a teoría que é o que se defende con esta adhesión ás cidades pola auga pública e tamén apoiamos a práctica, a aplicación práctica de ese principio e por iso instamos a este pleno, no seu momento e seguiremos facéndoo sempre e aproveitamos para reiteralo agora, que debemos ir a rescatar a xestión pública do abastecemento de auga, que é un contrato do Concello que remata o ano

que ben.

Queremos estar coas cidades que apostan pola xestión en beneficio de todos, de algo tan importante como o abastecemento da auga e todo o ciclo da auga e polo tanto apoiamos esta moción.

A **Sra. Tenente de Alcalde-Presidenta:** Grazas, Sr. Rei.

Seguidamente concede o uso da palabra a don César Alberto Abal González, concelleiro do grupo municipal do PP.

O **Sr. Abal González:** Moitas gracias, Sra. Presidenta e moi bos días a todas e a todos.

Por non facerme repetitivo na exposición que fixo aquí o Sr. Fernández, este grupo segue sen saber e que alguén lle explique como pensan facer fronte a todos eses centos ou miles de pontevedreses que a día de hoxe seguen sen saneamento ou abastecemento, está a inversión cuantificada, estimada, en 15 millóns de euros e aquí nesta moción non se nos di como pensan facer fronte a esa inversión, a un servizo básico que non pode esperar ningún minuto máis, por os pontevedreses, que divide aos pontevedreses en dous clases, os que teñen saneamento e abastecemento, os que teñen todos os servizos básicos e os que non os teñen.

Por non facerme repetitivo e remitirme ao que xa dixen en dous plenos anteriores vou a intentar aportar algo máis ao debate e facer fronte a esta podemización do PSOE, do PSOE local, que pon de exemplo un encontro de cidades pola auga feito en Madrid, como el ben dixo, asistiron dez alcalde de toda España e que dez alcaldes atopamos, atopamos a Manuela Carmena; atopamos a Ada Colau; atopamos a Joan Ribó; atopamos a Xulio Ferreiro; atopamos a Martiño Noriega; isto non sei a que obedece e vostedes teñen os seus problemas internos, eu pídolles que os arreglen pero que non traian os seus problemas internos ao pleno de Pontevedra e se queren apostar por unha podemización do PSOE que non recorran a este manifesto que ademais o clausura Rita Maestre, esa é a veracidade do que alí acordaron e dos ponentes.

Mire, Sr. Fernández, o problema que din os expertos, o problema da auga en España está no regulamento do sector, todos os expertos inciden en que hai que reformar o regulamento do sector. España mostra, a día de hoxe, uns niveis inferiores á media comunitaria en materia de inversión da auga, en 0,11 fronte a 0,27 da Unión Europea, e contamos cun marco regulatorio no que interveñen un elevado número de Administracións públicas, 6 en España fronte ás 2 de Holanda, que medio ambientalmente é un exemplo no tema da xestión de auga.

O importante, polo tanto, non é dicir non a xestión pública da auga é mellor e quedamos tan anchos, sen tomarse en serio este asunto. Mire, o que hai que facer é aplicar o ciclo integral da auga o principio de separación de actividades a xurídica e a contable e funcional, entre a administración titular do servizo e infraestrutura por un lado e as entidades público e privadas por outro. Todo este principio de separación de actividades considérase dende o dereito comunitario como a pedra angular de desarrollo dos sectores regulados. Está estimado que hai un déficit de inversión en España que ascende a 15.700 millóns de euros que hai que cubrir no período 2013-2021, eu imaxino ás entidades locais investindo 15.700 millóns de euros coa losa que temos encima co déficit público, todo isto vostedes non o explican.

Está tamén nos datos que isto xeraría un impacto na creación de novos empregos que está valorado en 23.700 empregos co marco regulatorio adecuado que facilite e

esclareza a inversión, incluso habería un impacto na recadación fiscal valorada en 6.900 millóns de euros no período 2013-2021. Isto é o que din os expertos que hai que reformar o marco regulatorio, establecer unhas competencias claras e delimitadas e que invirtan as empresas e poidan externacionalizarse.

Por outro lado, fala nos argumento e pode levar a equívocos, di que a ONU defende a xestión da auga pero o que non di é que a ONU non di nada de que a xestión de auga sexa pública, fai aí vostede un equívoco interesado e aproveitado, a ONU o que ven dicir unicamente é que é un dereito humano esencial para o pleno goce da vida e de todos os dereitos humanos, non se mete en como ten que ser a xestión; e os casos de éxito en Europa, os casos da social democracia europea aí os temos e eu lles invito a que por ese camiño non vaian, pola podemización tamén do PSOE local e que se centren, vostede presumía de 17 meses no deserto, eu creo que vostedes levan moito máis e aínda van a estar moito máis tempo no deserto.

Nada máis e moitas grazas.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión o Sr. Alcalde asumindo a Presidencia.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Abal.

De seguido, en representación do grupo municipal do BNG, intervén o concelleiro don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O **Sr. Mosquera Lorenzo:** Grazas, Sr. Alcalde, bos días a todos e a todas.

Este é un asunto que xa foi debatido aquí, polo tanto eu creo que non vale a pena insistir na argumentación, aí hai de fondo na moción e de fondo no debate pois hai unha confusión no que é un servizo público e a maneira de xestionalo, non; poño un exemplo, se unha traída de augas agora que se mellorou a condución do Pontillón e se creou o depósito de Mourente, se mellorou o bombeo, etc., pois a ninguén se lle ocorrería pensar o dicir que é algo privatizado, cando é algo público a pesar de que se fixo mediante concurso por unha empresa de construción privada.

Entonces unha cousa é que o servizo sexa público que non está en discusión afortunadamente e outra cousa é a maneira de xestionalo. Repito de que se houbera algunha posibilidade de que a xestión fora directa pois nós seríamos os primeiros en facelo.

De todas maneiras, visto por exemplo o que pasou no pleno pasado, hai dos plenos e o que pasou neste, pois sería de tremer, ou sexa un regulamento, por exemplo, o mercado máis de un ano de xestión, resulta que por facer a gracia e quedar ben con non se sabe quen pois se tumba, imaxinaros xestionar isto para quedar ben cos traballadores, con quen fora, dende logo estaríamos finos con unha xestión de este tipo que despois tamén hai que telo en conta despois para mirar, para mirar o funcionamento no día a día, nós dixemos sempre que gamberradas as xustas pero non só aquí tamén pasou en Santiago que de repente baixa un IBI ou en Sanxenxo e pode baixar o recibo, ala veña, despois xa veremos se paga Juan pueblo ou non paga e cousas de ese tipo.

Vou a aproveitar, dado que isto xa está falado, para un par de cousas que saíron neste pleno que xa saíron outras veces e creo que sería ben aclaralas, por un motivo. Todos os que están en estes momentos coa cantinela de que este goberno leva moito tempo, que os que estamos aquí non sei que desgraza nos pasa, está remando un pouquiño contra corrente, iso igual hai quince anos porque agora, mire, acaba

de haber unhas eleccións americanas que unha candidata tiña 69 anos e o ganador 70; acaba de haber unhas eleccións no estado español en que o PP presentou de candidato a un señor que entrou aquí nesta casa, no Concello de Pontevedra, no ano 83, e que foi compañeiro de pupitre de Raimundo no instituto. Entón, claro, aquí resulta que parece que os chavales son os de certas forzas políticas e demais; Marea presentou na vez pasada, como AGE, a un señor que debe andar nos 80 anos. Resulta que nós somos vellos, por non falar dos mesmos, incluso o que dixo hoxe Tino Fernández que creo que vai cara aos 60 se non os cumpriu xa, coincidimos nesta Corporación xa nos anos 90; por non falar de Putin que ten 64 ou Angela Merkel que ten exactamente, ten uns meses de diferenza comigo ou co Alcalde que se vai presentar outra vez; ou as primarias en Francias que ganaron agora na dereita, ganou un señor de 71 anos e outro de 64 que son os que pasan a segundas, etc., etc., etc.

Entónces déixense desa cantinela que francamente é aburrida e non lle interesa a ninguén pero sempre van, parece que sempre van contra corrente, están co discurso; cando o Sr. Domínguez aquí o soltou o señor Rajoy se ía a presentar e ademais resulta que el votaría e apoiaría porque era un chaval, un chaval fresco, lozano e demais. Sexamos un pouquiño serios porque se non podemos caer nestas cousas.

Con respecto á moción en si, alí había sete Alcaldes de Podemos ou asociados, había tres de PSOE e demais pero aquí resulta que hai que poñelo no seu contexto, e o seu contexto é que o señor, que o señor Fernández ou o PSOE de Pontevedra empezou unha batalla sen cuartel traducindo os seus problemas internos, no pleno pasado tróuxonos o letreiriño aquel, a cartulina co rotulador, e neste caso, á parte hai declaracións meténdose coa Deputación e meténdose con outros cargos do PSOE, pois resulta que, supoño que isto estará dirixido pois ao Concello de Vigo que non lle pasa pola cabeza privatizar, aos do PSOE de Poio que están no goberno e non se lle pasa pola cabeza; ou mesmo ao grupo do PSOE que estivo cogobernando con nós, que foron as únicas, practicamente as únicas, privatizacións que se fixeron estando nós no goberno, ou sexa o SAF, os xardíns, etc., supoño que unha guerra interna e como tal guerra interna pois alá que a ventilen como poidan e se de rebote de esa guerra cae algún remanguillé, algún sopapo, pois benvido sexa, ben como goberno de Pontevedra ou ben como Vicepresidente da Deputación, benvido sexa porque en todo caso nós xa temos feita a oferta publicamente e máis, todos pasamos por estas, temos por norma non meternos en lios internos de outras forzas políticas pero neste caso dada acidez ofrecémonos como cascos azuis ou se a pelea é máis sanguinaria como arbitros.

Home se nos traen ao pleno un letreiriño por cuestións internas, hoxe tráenos esta moción que é meterlle o dedo no ollo ao resto ou a maioría dos compañeiros do PSOE, dos propios do PSOE que están, que teñen outra liña e demais, que vai ser a mesma liña porque ao final quitando algún caso moi excepcional, moi excepcional, vai seguir sendo o mesmo porque as trabas, que non será cuestión de repetir o que dicía a señora Carmena ou o que dicía o señor Xullo Ferreiro, aquí auga privada, privada, que se sepa, practicamente non hai ningunha, se acaso hai algunha que ten un resto de iso é a de de Barcelona e a de Terrasa que foi unha empresa como no seu momento pois houbo unha serie de servizos que prestaban de maneira privada, de maneira privada unha empresa, sen concesión, etc., se hai algunhas son esas, as demais públicas, de control público, de xestión pública, en todo caso a discusión está en se está prestando o servizo, a nós encantaríanos prestalo de maneira pública pero dixémolo e repetímolo que antes de nada están outras cousas, está a eficacia do servizo, evitar problemas, non arruinar ao Concello, non facer gamberradas que todos sabemos despois como son as corporacións, hoxe tivemos un exemplo, tive-

mos varios que por facer a gracieta de quedar ben con non sei que, ala pois veña, é igual, claro e con un servizo como a auga pois andar con estas cousas case mellor que non, por desgraza, pero case mellor que non.

Moitas grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Mosquera.

Sr. Fernández González, ten a palabra.

O **Sr. Fernández González:** A ver, a min non me estraña o posicionamento do Partido Popular, porque vai na súa filosofía, entón está asumido que o Partido Popular ten que posicionarse así. Facer algunha aclaración, cando o portavoz do Partido Popular hoxe fala de as inversións que se fixeron eses 15 millóns de euros ou non sei cantos millóns porque daquela era en pesetas e non me acordo moi ben se eran 2.000 millóns ou 2.500 millóns, cando fala de inversións se olvida dicirse que non foron a fondo perdido, non foron a fondo perdido, se repercutiron no recibo dos veciños, acabaron pagando os veciños de Pontevedra no recibo da auga, polo tanto non houbo ningún regalo por parte de ningunha empresa, de regalo nada.

Olvídase tamén de dicir na súa intervención que tamén participou unha cidade que está sendo pioneira na remunicipalización do abastecemento de auga e que está demostrando que se pode facer, que é Valladolid, que está gobernada polo Partido Socialista. E eu lle rogo que non desacredite a unha reunión por quen asiste, en todo caso desacredite polo contido da reunión e polo que se fai alí pero non por quen asiste.

En todo caso, insisto, a experiencia serve para mellorar, para aprender, e aquilo que parecía que era bo hai 20 ou 25 anos, pois ao mellor a experiencia nos demostra que non é tan bo e que se pode mellorar de outro xeito.

O que si me estraña é o cambio na posición do BNG, ese si que me estraña, e a pregunta é a que se debe, que ocorreu nestes 16 anos para que cambiase de posición, ou 20 porque o pleno onde se aprobou a concesión da auga a empresa actual é de 2016, que ocorreu para o que era tan malo, tan malo, tan malo, no ano 96, xa non sexa tan malo no ano 2016, algo tivo que pasar, algo tivo que pasar para que de repente vostedes cambiaran de postura e de defender a posibilidade de un abastecemento de auga con xestión pública pasen a dicir que iso é unha barbaridade, que iso é unha ocorrencia, que é unha tomadura de pelo e a defender a privatización, por que?, que pasou?, para que de repente agora a empresa concesionaria e outras teñan en vostedes a uns absolutos valedores do privado, que pasou?.

Di vostede que se se nos vota o tempo encima, tempo tiveron para analizar isto, tempo tiveron, levan vostedes gobernando en solitario dende xuño de 2015, sabendo que a concesión remata en febreiro de 2017, se non recordo mal, polo tanto tempo tiveron para facer os estudos e os análises que foran necesarios, se non os fixeron foi porque non quixeron, se non os fixeron foi porque non quixeron. Claro, evidentemente, con esta postura que están mantendo vostedes, entendo non.

Fala vostede de gamberradas, primeiro hai que ter un pouco máis de consideración, hai que ter un pouco máis de consideración, creo eu, coas propostas que se traen aquí por parte dos grupos, por educación, por educación hai que ter un pouquiño máis de consideración, aínda que non nos gusten, pero tachar de gamberrada unha proposta que fai un grupo político parece fóra de lugar, lle aconsello que teña máis control verbal, porque non parece moi oportuno. En todo caso, gamberrada é ter mocións paralizadas durantes meses polo goberno municipal, iso si que é unha gambe-

rrada; gamberrada é non gastar os cargos en inversións financeiramente sostibles e mandala a amortizar débeda, iso si que é unha gamberrada, sabe, iso é unha gamberrada para os cidadáns de Pontevedra, polo tanto teña cuidado cando fala de esas cousas porque poden molestar e porque ademais non quedan ben.

Logo claro o Sr. Mosquera aproveita que o Pisuerga, que é un río que pasa por Valladolid, pasa por Valladolid, e entón mete outras cousas e intenta desviar a atención e se nos pon aquí a falar de temas que non se falaron no seu punto da orde do día, eu non sei se o Alcalde na súa función de moderación debería terlle chamado a atención ao seu compañeiro por estar falando de cousas que tiveron o seu momento na orde do día e non dixo nada, entón sacar agora aquí temas para enturbiar, para molestar, non parece o máis apropiado, o que parece é que cando non se teñen argumentos, como vostede non os ten, Sr. Mosquera, utiliza cortinas de fume e ese é o problema, o problema é que o seu programa electoral marco, pon o que pon, e que vostedes no 96 dixeron o que dixeron, e está escrito e está recollido, esa é a realidade e non ten argumentos entón dedícase ou fáltalle ao respecto á xente, ou fala de algúns problemas de outros partidos políticos e tal.

Mire, a min esta moción, está presentada hoxe aquí e díxeno ao principio o que pasa é que vostede a veces oe pero non escoita, se me permite, está presentada aquí porque estamos nunha situación de finalización da concesión, é evidente que se faltan dez anos para que termine unha concesión pois non ten moito sentido porque é imposible recuperar unha concesión e pagar a indemnización, ten sentido cando as concesións están a punto de rematar; polo tanto, se a concesión de Vigo estivera a punto de rematar pois ao mellor terían que discutir en Vigo isto ou en Poio ou onde fose, cando se discute é cando se pode pasar do privado ao público, nada máis, iso díxeno na primeira intervención o que pasa é que vostede estaba todavía aterrizando no pleno, polo tanto só escoita vostede o que quere escoitar.

Eu lle agradezo moito esa vontade que ten vostede de casco azul pero, mire, poñer a pirómanos a apagar lumes non, poñen a pirómanos a apagar lumes non; vostede que é un incendiario, que vai por aí xerando problemas non me parece o máis axeitado para solucionar ningún problema, xa temos nos, non se preocupe vostede que temos nos os nosos órganos e os nosos canles para solucionar nosos problemas, vostede dedíquese ao que se ten que dedicar que é xestionar a vicepresidencia da Deputación e xestionar a concellería que lle corresponda no Concello de Pontevedra, xestionar, non crear incendios, non enfrontarse cos traballadores, desarrolar un proxecto, aplicalo, executar uns orzamentos, deixarse de facer propaganda, iso é o que ten que facer vostede e sobre todo tamén preocuparse por o Concello de Pontevedra, porque leva vostede moitos meses sen preocuparse polo Concello de Pontevedra e así o reflexa as transferencias que dende a Deputación se fixeron ao Concello de Pontevedra, e vostede é o Vicepresidente da Deputación, está aí, senón lle gusta déixeo, pero o que ten que facer vostede, en vez de faltarlle ao respecto á xente, é xestionar o que lle corresponde que non o está a facer nada ben, Sr. Mosquera, non o está a facer nada ben.

Polo tanto, ademais de que me gustaría, por curiosidade, que vostedes explicasen ese cambio de actitude do 06 ao 2016, ademais de iso eu lle pediría que cando interveña mostre algún respecto pola oposición e, sobre todo, se ciña ao asunto que se discute.

Eu pola miña parte non teño máis que dicir, creo que este é o momento adecuado para que o grupo de goberno confirme esa coherencia da que sempre fai gala e apoie unha proposta razoable que é remunicipalizar o servizo de auga ou, a lo menos, iniciar estudios para poder remunicipalizala.

Moitas gracias, nada máis.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

Hai máis intervencións, Sr. Abal quere falar?

Ten a palabra o Sr. Abal.

O **Sr. Abal González:** Moi brevemente que se prevé un bis a bis moi intenso entre o Sr. Fernández e o Sr. Mosquera.

Simplemente dicirlle que remitinme ás actas anteriores pola dúbidas que vostede dixo sobre este grupo. Eran 2.500 millóns de pesetas o contrato, nós xa argumentamos noutros plenos que se o BNG destinara nas inversións, ano a ano, nos 17 anos que levan de goberno, un 20% dos capítulos de inversións, hoxe teríamos a rede completa, rede de saneamento e de abastecemento completa, e a remunicipalización poderíamos estudulo como así fixemos, por exemplo, no caso do lixo.

En Valladolid goberna o PSOE, efectivamente, gracias ao apoio de toma la palabra, que prestoulle catro concelleiros e grazas ao apoio de Si Se Puede que prestoulle tres, non creo que sexa o exemplo de un PSOE autónomo esta proposta de remunicipalización e, ademais, quero velo, quero velo porque unha cousa e dicilo e outra facelo e exemplos temos moitos.

Nada máis e moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Abal.

Sr. Mosquera, brevemente.

O **Sr. Mosquera Lorenzo:** Moi brevemente. Igual hai que traer un disfibrilador para aquí para os plenos.

E todo en base a un mal entendido, porque eu ao que me referín de gamberrada é a veces por quedar ben con alguén votar unha cousa, non a moción sen si, a moción en si o único que é é reiterada, sobada e xa foi debatida dúas veces neste pleno e votada unha, entón repetir isto me parece irrelevante ademais, agora eu podo contar por exemplo que todos os problemas, xa que hoxe vai de plaza, pois había un acordo para reordenala, o que se está intentando agora e tal, e resulta que naquel momento, que non estaba ningún dos concelleiros presentes, naquel momento os votos do PSOE e do PP fixeron que non se levara adiante, cando xa tíñamos acordo cas placeiras e non segue aí coleando.

Claro, pois imaxínese a auga que xestiona o Concello e de repente hai algúns que piden que se lle poña gratis o que se lle poña máis presión, ou o que sexa, e por quedar ben podemos padecer quen estea gobernando calquera tipo de comportamentos dese trato, era o que quería dicir. Despois xa a valoración do meu traballo aquí ou na Deputación creo que está fóra de lugar.

Outra cousa máis, quen meteu que o goberno estaba desgastado, que non sei que, que íamos así tal foi usted, entón creo que é un pouquiño de mal entendido e non me negará que isto é seguir a estela de Podemos, iso non o pode negar porque é quen convocou como o fixo e traela despois e demais. Parece moi prudente a actitude de Marea porque, no seu momento, xa o trouxo aquí xa o debateu e nestes momentos sobre esto.

Comprenderá que sumarnos a un chiringo que monta outra forza política, verdad, é

un pouquiño forzado, como mínimo, xa empezaron así, reunións en Coruña todos alí para non sei que, non sabían exactamente para que xustificar para que se reunían pero reuníanse e, neste caso, toparon algo que non din nada no fondo, di que son moi interesantes e que van a ir por esa liña, con respecto aquí esta debatido.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Sr. Agustín, quere intervir?.

O **Sr. Fernández González:** Quédome con ganas de saber porque cambiaron de posición, sigue vostede sen explicar. E, en todo caso, as miñas referencias ao seu traballo na Deputación están fóra de lugar, como as súas referencias á situación de un partido político ou a ocorrencia ou non do que é unha moción. Polo tanto, hai moitas cosas que se din fóra de lugar, vostede é un especialista en eso, en botar fume sobre as cousas pero non entrar a debater o fondo dos temas.

Exemplos de auga municipalizada hai en toda España, empresas hainas en todo o Estado, empresas públicas, que están funcionando moi ben e, polo tanto, non hai ningún motivo para pensar que a remunicipalización da auga fose a ser unha eiva para os cidadáns de Pontevedra. Outra cousa é que vostedes teñan algún interese en que sega estando privatizada, interese que seguen vostedes sen explicar.

Nada máis, moitas gracias.

Rematado o debate, sométese a votación a proposición anteriormente transcrita, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 19 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; e 7 do grupo municipal PP).

- Abstencións: 1 concelleiro (1 do grupo municipal Mixto-C´s).

- Votos a favor: 5 concelleiros (3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE; e 2 do grupo municipal Ma.Po).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á adhesión á Declaración Institucional aprobada no encontro de Cidades pola Auga Pública, celebrado en Madrid o día 4 de novembro de 2016.

11.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA PARA INICIAR OS TRÁMITES PARA O DESMANTELAMENTO DAS INSTALACIÓNS DO PORTO DEPORTIVO NO SEU ACTUAL EMPRAZAMENTO.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), declárase a urxencia da presente proposición.

O texto íntegro da proposición presentada polo grupo municipal Marea Pontevedra é do teor literal seguinte:

“O concello de Pontevedra ten 5 quilómetros de fachada marítima e nos últimos 17 anos non se gañou un só metro na recuperación do litoral, senón que seguiu agravándose a situación.

MAREA PONTEVEDRA ten localizadas ata 7 agresións graves na desembocadura do río Lérez (enlace da AP9, edificio da Garda Civil, porto deportivo, naves da admi-

nistración provincial na xunqueira do Alba, gasolineira e edificios da ponte do Burgo, verteduras directas entre a ponte de Santiago e a ponte dos Tirantes e cocheiras do ministerio de Fomento), e 7 máis no fondo da ría (autovía a Marín, cocheiras de Monbus, macronudo-rotonda da AP9, complexo Ence-Elnosa, liña ferroviaria, recheos do porto, xunqueira de Gandarela).

A Ría de Pontevedra e o Río Lérez sufriron así, e están a sufrir, un auténtico proceso de deterioración que non ten freo e que xa mereceu que a Comisión Europea lánzase a voz de alerta.

Hai xa un ano o alcalde, Fernández Lores, formuloulle á Xunta de Galicia a solicitude de dragar o río Lérez á altura do Club Náutico Deportivo no que sería un claro ataque ambiental á desembocadura do río.

Un ano despois, o BNG volve instar á Xunta de Galicia, por medio do seu grupo parlamentario, á dragaxe desde o Club Naval ata Os Praceres.

Quen presentan iniciativas deste tipo deberían saber que o río ten vida propia e non queda máis remedio que entender as súas dinámicas. Non se trata de adaptar o río e de canalizalo; algo, polo demais, imposible. O río seguirá sedimentando onde teña que facelo ou onde lle deixemos. E isto último é o perigoso a medio e longo prazo.

Haberá que preguntarse se cando se construíu o porto deportivo, ou cando, máis recentemente, se construíu a ponte das Correntes, houbo estudos rigorosos sobre o impacto ambiental desas obras e sobre a modificación das correntes que traían consigo (especialmente importantes nun tramo tan sensible coma a desembocadura do río e dun dos seus afluentes).

Os gobernantes xa deberían saber a estas alturas que as dragaxes son actuacións moi agresivas e custosas que non ofrecen solucións permanentes e xeran un impacto tremendo. Dragar é caro, inútil e contraproducente. Dragar os ríos implica gravísimos danos para o ecosistema; entre outras razóns, porque o río non só é a auga que se observa. Se o que se quere é limpar o río, as enchentes son as que limpan. E se existen construcións de dubidosa legalidade ou de impacto ambiental grave o que cómpre é desmantelalas.

Tamén hai que sinalar que as dragaxes provocan efectos secundarios moi negativos: erosión (remontante, augas arriba do tramo dragado), incisión (afondamento do leito), irregularización dos fondos, descenso da capa freática, descalzamento das pontes (por exemplo, na das Correntes) e mais nos diques, ou colapsos (se hai simas baixo a capa aluvial). As dragaxes portuarias, ademais, recoñécense como un dos principais impactos antrópicos sobre o medio mariño. A draga afectará á calidade das augas, ao remexer os lodos do fondo da canle e pode afectar o banco marisqueiro dos Praceres.

De feito, este tipo de intervencións soamente están permitidas pola lexislación ambiental da Unión Europea en casos moi xustificados.

Sen dúbida, o porto deportivo do Club Naval (con escaso retorno económico para o concello) é unha das peores agresións urbanístico-ambientais que sofre o río Lérez e a ría.

Por outra banda, no último ano acreditáronse, e así o denunciou MAREA, diferentes verteduras de combustible á altura da ponte da Barca, probablemente con oixe nas instalacións do porto deportivo.

Por todo isto, o GM de MAREA PONTEVEDRA presenta ao pleno do concello a se-

guinte PROPOSICIÓN

O inicio dos trámites para o desmantelamento das instalacións do porto deportivo no seu actual emprazamento, como primeiro paso a favor dun río e dunha ría tan importantes para a vida de Pontevedra, e a recuperación das correntes naturais."

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Luís Rei Núñez, portavoz do grupo municipal Marea Pontevedra.

O **Sr. Rei Núñez:** Moitas gracias.

A dragase que agora se pretende realizar significa teimar no erro sumando esa agresión ás máis graves que durante décadas se cebaron co que debería ser o noso ben natural máis prezado que é a ría e os ríos.

A mediados do século XX trala ocupación para a fábrica de Tafisa nunha xunqueira vertendo ao río, chegaron aos 600 mil metros cadrados roubados ao mar nas marismas de Lourizán para o complexo ENCE-ELNOSA.

A desecación de preto de 300 mil metros cadrados na Xunqueira do Lérez e os sucesivos recheos do porto, máis de 300 mil metros cadrados na última década e media, para un total de case 700 mil metros cadrados. Na lista hai que incluír actuacións como o trazado da autoestrada que comeu 17 metros da canle do río ou o seu viaducto que no ano 92, con quince pilotes de 2 metros de diámetro, supuxo a creación de unha illa no medio do Lérez. Ademais están as tres últimas pontes que agregaron diques, a de Santiago reduciu case á metade o ancho do río e a dos tirantes cortou de vez o paso. Habería que engadirlles o Estadio da Xuventude, a gasolineira de O Burgo, o porto deportivo. O porto deportivo que voa sobre pilotes, é certo, e ocupa preto de 2.000 metros cadrados e que, ademais, hai que sumarlle a iso uns pantaláns que ocupan en reserva exclusiva outros case 13 mil metros no centro da canle do río Lérez. En suma preto de 2 millóns de metros cadrados cuxa ocupación, por suposto, violentou as dinámicas propias da natureza; todo iso propiciado por intereses particulares e axudado pola falta de previsión e a pésima xestión territorial deu como resultado a alteración do curso natural das correntes como acumulacións, ata agora inéditas, de lodos e arranstres e a diminución de profundidades.

Tamén, claro, fixo que os iates de recreo vexan dificultada a navegación ata o porto deportivo. Co principal obxectivo de habilitarnos de valos unha canle para eses iates, proponse acometer con cartos de todos unha dragaxe de catro, hoxe díxose aquí que de ata cinco quilómetros de extensión, que comportará a retirada de 300 mil toneladas de lodos.

Debe lembrarse que a normativa é moi restritiva ao respecto e só autoriza dragaxes conducentes á recuperación do comportamento natural das augas o que non é o caso. A directiva marco da auga 2000/60 da Comunidade Europea considera como máximo valor para protexer o estado ecolóxico dos sistemas acuáticos e obriga por mandato ao seu non deterioro. Non parece que este sexa o caso, nun tempo en que se esixe, por exemplo, moitísimo coidado para retirar uralitas dos tellados, non parece axeitado remexer lodos, estamos falando de 300 mil toneladas nos que temos a certeza de que hai depositadas perigosas cantidades de mercurio e de chumbo. O curioso é que iso se reclame para darlle satisfaccións aos propietarios das poucas ducias de iates de un club que lle ofrece, como esta demostrado, un cativo retorno económico a Pontevedra. Por certo, un club que ampliou as súas instalacións con obras realizadas en 1992 sen licenza, aínda que estivo aberto todo este temo, dende

o 92, e non substanciou eses trámite ata 22 anos despois; a partir de ese momento parece que o Naval debeu empezar a escribirse con “b” e non con “v”.

Hai meses preguntamos pola orixe de verteduras de combustible que periodicamente aparecen entre o porto e a ponte de A Barca, non sabemos se se investigaron e seguimos á espera de resposta.

Pedímolo rexeitamento da dragaxe, o inicio dos trámites para o desmantelamento do porto deportivo no seu actual emprazamento, unha fachada litoral de 5 quilómetros de lonxitude sometida a todo tipo de barrabasadas serían os primeiros metros recuperados nun proceso que, evidentemente, ten retos moito maiores por diante. Por en, sería un bo sinal no camiño de recuperación do litoral de Pontevedra.

Moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Rei.

Seguidamente, en representación do grupo municipal Mixto-C’s, intervén a súa portavoz dona María José Rey Martínez.

A **Sra. Rey Martínez:** Gracias.

A raíz de la presentación de esta moción recibimos la copia de una carta abierta a la ciudad de Pontevedra firmada por el Club Naval, en ella relatan los antecedentes del Club Marítimo, que después se denominó Club Naval de Pontevedra, la historia y la construcción del puerto deportivo; el presente, la información económica y sus valoraciones, muchos datos que yo realmente desconocía y, una vez leído, yo le agradezco a esta sociedad el trabajo que han realizado, que realizan y que espero que sigan realizando dando a conocer Pontevedra, por ejemplo, lo reconozco como parte de la vida de esta ciudad y no como un problema. Para mi un verdadero problema sería desmantelar esta ciudad y los muchos puestos de trabajo que dependen de muchas de esas instalaciones.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Rey.

A continuación intervén don Agustín Fernández González, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O **Sr. Fernández González:** Brevemente.

Simplemente para dicir que, en coherencia co que votamos hai unha hora ou hora e pico, con respecto ao dragado, evidentemente a nosa postura é contraria a esta proposta que fan os compañeiros de Marea pero non estamos en absoluto de acordo co seu plantexamento nin co contido da súa intervención que consideramos, se se me permite con todo o cariño do mundo, que inxusta co traballo e co que representa o Clube Naval para Pontevedra.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández.

De seguido, en representación do grupo municipal do PP, intervén o seu portavoz don Jacobo Moreira Ferro.

O **Sr. Moreira Ferro:** Nós nos preguntamos que é o que lle fixo o Club Naval a Marea Pontevedra porque a verdade é que isto parece unha teima case persoal contra unha institución e contra unhas instalacións que non albiscamos a que se pode deber, ha-

bería que falar, incluso, en canto á súa proposta, dende o punto de vista formal, se é axeita, posto que adoptar unha decisión de este tipo de iniciar os trámites para o desmantelamento, home, sen que haxa un expediente previo, cando menos, eu creo que non é o acaido; pero, en todo caso, nós estamos en contra tanto na forma como no fondo, Sr. Rei, porque desde logo describir o porto deportivo do Club Naval como unha das peores agresións urbanístico ambientais que sofren o río Lérez e a ría, dende logo nós non compartidos este criterios porque como vostede sabe o debería de saber dende logo non supón unha ocupación no cauce do río sensible posto que está todo pilotado, non ten unha invasión de formigón en placa corrida se non que está simplemente pilotado e, dende logo, que ten licencia como vostede acaba de recoñecer.

En canto ao dragado, tamén lle teño que dicir que, precisamente, que se o dragado, como dixen antes na intervención con ocasión da moción do BNG, non se ten feito ata o de agora é porque hai que superar unha serie de tramitacións ambientais que precisamente o que tratan de perseguir e buscar e alcanzar é que se garanta a biodiversidade e non se causen prexuízos á flora, á fauna e á natureza en si, os valores ambientais que protexe a normativa comunitaria, por iso porque son tan restritivos e son tan estritos, por iso a día de hoxe todavía non se ten unha resolución e non se ten feito o dragado.

E vostede fala de cousas que non fixo a natureza como estas instalacións todas que vostede describiu, mire, efectivamente, a natureza non fixo tampouco o recheo da Xunqueira, non fixo as pontes, non fixo o pazo da Cultura, non fixo o campus universitario, non fixo tampouco os colexios, os institutos que hai nas xunqueiras, pero non vexo que vostede nunha liña que sería realmente congruente pida tamén o desmantelamento de todas estas instalacións porque tan agresión medio ambiental supoñen como o que vostede describe na súa proposta.

Polo tanto, nós non corcordamos con eso, non sei se vai plantexar tamén derribar todas as pontes que hai sobre Pontevedra, eliminar todos os recheos que ao longo dos séculos se viñeron facendo na beiramar e que hoxe farían que quedarmos cunha beiramar bastante constreñida, segundo o paseo que temos hoxe, entre outras cousas por non alongarme na exposición de claros exemplos que temos en Pontevedra; pero digo unha cousa esta é tamén unha moción que mesmo o BNG podía ter plantexado cando estaba na oposición pero agora está no goberno, eu creo que onde temos que ir, Sr. Rei, e deixar de ser populistas porque a verdade é que hai cousas que non teñen moito sentido e o que vostede está plantexando hoxe aquí verdadeiramente creo que está fóra de lugar, creo que non é o problema que preocupa aos pontevedreses cando se levantan pola mañá, non lles preocupa se hai que facer o dragado o non hai que facer o dragado, máis ben estarán a favor de que se faga o dragado porque eso creo que bo.

É máis, incluso nós pensamos que debería potenciarse, incluso máis, a vocación e o turismo náutico en Pontevedra, cousa que non está a ocorrer na actualidade, posto que é unha forma tamén de facer cidade, é unha forma de conseguir tamén visitantes á nosa cidade e creo que é unha vía que non estamos explotando, Pontevedra ten unha tradición mariñeira de moitos séculos e verdadeiramente desgraciadamente se está esquecendo.

Polo tanto, nós estamos incluso a favor de que se potencie este turismo náutico, esta tradición mariñeira de Pontevedra e o único que eu agardo, Sr. Rei, é que a Marea aprenda a convivir co Club Naval, co porto deportivo do Club Naval, posto que é o porto, Sr. Rei, xa existía antes que a Marea.

Nada máis e moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Moreira.

Algunha outra intervención?.

A continuación intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xosé Luís Bará Torres.

O **Sr. Bará Torres:** Si, Moitas grazas.

Nós pensábamos que esta era unha moción contra o dragado da ría pero realmente vemos que é unha moción contra o Club Naval, quedou claro, se non estaba claro no texto quedou claro na exposición do Sr. Rei.

Eu creo que realmente vostedes están fóra da realidade, compórtanse como extraterrestres que chegan aquí a unha cidade da que estiveron desaparecidos durante décadas, eu pregúntome onde estaban vostedes cando se fixo o anterior dragado da ría; cando se fixo o enlace da AP-9 o trazado actual da autoestrada, cando se fixeron os centros educativos e instalacións deportivas da Xunqueira, cando se construíu o Recinto feiral e o pazo da Cultura, supoño que estaban nesa torre de marfil desde a que observaban a realidade sen manchar as mans, non, porque eu non lle escoitei nunca pronunciarse a vostede sobre estas cuestións, o BNG si que tivo posturas claras ao respecto.

En todo caso eu creo que esta moción o que revela é unha postura absolutamente incongruente, contraditoria, alarmista e, o que peor, demagóxica e manipuladora por parte do seu grupo que, en todo caso, tamén e reflexo de certas obsesións que teñen; eu creo que lle faltou o referente, facer referencia xa tamén ao impacto da construción da ponte de O Burgo, na época medieval, e tamén na construción da Ponte da Barca a finais do século XIX non sei se tiveron avaliación de impacto ambiental, se Fernando II pediu os informes correspondentes e a vostede lle preocupa o impacto que ten a ponte do Burgo, se pide tamén, non sei lle preocupa só o da ponte das correntes e da ponte de Santiago, non sei habería que mirar tamén o impacto que teñen outras pontes máis históricas.

Vostedes dedícanse e así o fixeron neste pleno e nos pasados días nas reunións que tiveron con algún colectivo a estender infundios e mentiras, non, ao respecto de certos posicionamentos e ideas e opinións do BNG respecto do proxecto de dragado e o que é peor eu creo que a súa proposta o que revela é unha absoluta falta de respecto nesa actitude demagóxica e manipuladora hacía o Club Naval que é un club que ten unha importante actividade social, deportiva e recreativa, dan vostedes ademais unha imaxe completamente errada e falsa do que supón este club e o porto deportivo, onde hai, por certo, vostedes falan de iates, parece que están falando aquí de unha idea completamente elitista e eu coñezo moitas persoas que teñen unha pequena embarcación nese porto que dedican a actividades recreativas e de pesca deportiva, esa é a realidade tamén de ese porto deportivo, xa lle responderon tamén desde o clube con respecto á súa actividade social e económica, tamén a deportiva, hai case 100 mozos e mozas que practican o piragüismo neste clube e nestas instalacións.

Polo tanto, en congruencia co que xa votamos na anterior moción, no punto 7, imos votar en contra desta proposta do grupo da Marea e o que si lle deixamos claro é que imos ser vixiantes con respecto ao proxecto de dragado da ría coa normativa en vigor, se di vostede que a normativa europea é tan estrita supoñemos que se aplicará a este proxecto e que ten todas as garantías de cumprimento da legalidade e, desde logo, o Concello de Pontevedra tamén se pronunciará ao respecto cando lle co-

rresponda.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Bará.
Sr. Rei Núñez, ten a palabra.

O **Sr. Rei Núñez:** Primeiro quería dicir que a importancia económica non é todo en temas que afectan ao ambiente que si afecta a todos. E por iso, porque a importancia económica non é o argumento supremo, o seu grupo, Sr. Bará, está pola fin da actividade da factoría de ENCE na ría que se viu afectada por esa actividade e por esa instalación aí. Hai unha serie de agresións demostradas ao longo das décadas ao respecto da ría de Pontevedra e do río e todo iso, fixen unha enumeración antes, todo iso alterou a natureza, alterou o curso das correntes e froito diso é que agora se fale de unha dragaxe que non se planteaba neses termos nin hai 60 anos, nin hai 1 século, nin hai 2; pero, bueno, non quería remontarme tan atrás como fixo vostede.

En todo caso, preséntase como urxente a realización de unhas obras sobre as cales a Unión Europea nos anima a ser moi cautelosos. En marzo do ano pasado, a Unión Europea e os tribunais españois, en marzo do ano pasado o Tribunal Supremo anulou a dragaxe do río Guadalquivir, promovida pola Autoridade Portuaria de Sevilla que, por certo, si ten un peso económico con milleiros de empregos na súa área de influencia, dando por demostrado que ocasionará modificación ou alteracións da masa de auga, a iso sumóuselle o mesmo mes do ano pasado un ditame da Unión Europea contrario tamén á dragaxe de ensanche e profundización do esteiro do Guadalquivir, dentro do proceso de mellora dos accesos marítimos ao porto de Sevilla.

Son actuacións custosas, en moitos casos ineficaces porque non resolven o problema para un tempo longo senón que requiren, sucesivamente, intervencións nos mesmos termos e cos mesmos obxectivos, sucesivas; e son actuacións agresivas tamén, e as dragas deben facerse cando hai un interese xeral importante, nin sequera os postos de traballo de Sevilla foron motivo para que a Unión Europea permitise a dragaxe do Guadalquivir.

A nós parécenos que é discutible que sexa tan importante acometer unha actuación que pode afectar, non se coñece un estudo de impacto ambiental rigoroso, aos bancos marisqueiros xa de por si moi afectados por este tipo de actuacións, entrelas os recheos do porto de Marín, os últimos recheos do porto de Marín.

E ao respecto da relevancia do porto deportivo na ría ou dos portos deportivos, desde o punto de vista turístico é certo que pode ter unha certa relevancia pero tamén nos podemos preguntar se Pontevedra e a nosa contorna non se pode apañar cos portos que xa existen en Combarro, en Sanxenxo, en Aguete, ou en Beluso que reúnen unha condicións que é evidente que o de Pontevedra non ten e non ofrece. Por iso insistimos en que é importante que un medio natural que recibiu tantas agresións ao longo de estas décadas que nos plantemos a posibilidade de reverter ese tipo de actuacións perniciosas para o medio e parécenos unha gran oportunidade empezar a facelo co recuperar palmo a palmo a fachada litoral do Concello de Pontevedra e parécenos importante empezar por aí, retirando desa ubicación, a todas luces inadecuada, o porto deportivo que é do que xa falamos anteriormente.

Rematado o debate, sométese a votación a proposición anteriormente transcrita, sendo o seu resultado:

- Votos en contra: 23 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG; 7 do grupo muni-

cipal PP; 3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE: e 1 do grupo municipal Mixto-C´s).

- Votos a favor: 2 concelleiros (2 do grupo municipal Ma.Po).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición do grupo municipal Marea Pontevedra para iniciar os trámites para o desmantelamento das instalacións do porto deportivo no seu actual emprazamento.

12.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA SOLICITANDO QUE O PLENO DO CONCELLO ACORDE A RETIRADA DO NOME DA RÚA DEDICADA A FERNÁNDEZ LADREDA QUE PASARÍA A DENOMINARSE MANUEL PORTELA VALLADARES.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), declárase a urxencia da presente proposición.

De orde da Presidencia a Secretaría do Pleno dá conta do ditame desfavorable, por maioría (voto en contra do grupo municipal do Partido Popular e abstención dos grupos municipais do BNG, PSdeG-PSOE e Mixto-C´s), da Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 17.11.2016, emitido sobre a proposición do grupo municipal Marea Pontevedra solicitando que o Pleno do Concello acorde a retirada do nome da rúa dedicada a Fernández Ladreda que pasaría a denominarse Manuel Portela Valladares.

O texto íntegro da proposición presentada polo grupo municipal Marea Pontevedra é do teor literal seguinte:

"1) O 1º de xullo de 1948 a corporación municipal de Pontevedra, composta por un alcalde e concelleiros non elixidos de forma democrática e suxeitos á obediencia e ás disposicións da ditadura franquista, tomou o servil acordo de poñerlle a unha rúa da nosa cidade o nome de "Fernández Ladreda".

2) O citado acordo e denominación adóptase co explícito ánimo de homenaxear a José María Fernández Ladreda quen, desde xullo de 1945, formaba parte do goberno ditatorial do xeneral Franco como Ministro de Obras Públicas, cargo no que se mantivo ata 1951.

3) José María Fernández Ladreda era desde 1945 xeneral do exército franquista, exerceu de "procurador" nas Cortes da ditadura, e anteriormente, durante o alzamento armado contra a legalidade constitucional da República formou parte, con responsabilidade de dirixente, na trama cívico-militar que organizou o "batallón de voluntarios" que mediante actos de terror se alzou na cidade de Oviedo contra as lexítimas autoridades civís e militares.

4) En xullo de 2006 entrou en vigor a Lei de Memoria Histórica que establece que os escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación persoal do levantamento militar, da represión e de cargos da ditadura deberán ser retiradas dos edificios e dos espazos públicos. Mais, infortunadamente, Pontevedra é a única das cidades galegas na que se perpetúa aínda no rueiro o nome dun ministro da ditadura franquista.

5) Xa que logo, cumpridos 37 anos desde que esta e o resto das corporacións municipais son elixidas por procedementos democráticos, constitúe toda unha anomalía histórica, ética –e tamén legal– que altos cargos da ditadura do xeneral Franco (caso de José María Fernández Ladreda) continúen a ser homenaxeados por medio de

rúas que glorifican e perpetúan unhas traxectorias plenamente antidemocráticas que, ademais, son toda unha ofensa á memoria das vítimas de asasinatos, encarceramentos e persecucións durante o período máis negro da nosa historia recente.

6) Por contra, pasadas case catro décadas desde as primeiras eleccións libres, algunha das figuras máis relevantes da historia de Pontevedra e Galicia segue sen contar cun recoñecemento máis que merecido na nosa cidade.

7) Singularmente, debe subliñarse o inexplicable esquecemento por parte das diversas corporacións democráticas que desde 1979 gobernaron o Concello de Pontevedra, da figura do político pontevedrés Manuel Portela Valladares, Presidente do Goberno da República Española, que sofre a ausencia de calquera tipo de mención de homenaxe ou lembranza na nosa cidade.

8) Cando xa se cumpriron 80 anos da aprobación por medio dun plebiscito democrático do Estatuto de Autonomía de Galicia, é de xustiza salientar que a actuación do pontevedrés Portela Valladares foi decisiva para a vitoria do "si", tras poñer El Pueblo Gallego, o xornal do que era propietario, ao directo servizo da campaña pola que Galicia fixo efectivas as súas liberdades autonómicas en 1936.

9) Morto no exilio francés en abril de 1952, e a pesar de que fora desposuído dos seus bens pontevedreses por parte das autoridades militares franquistas, Portela Valladares amosou o seu grande amor pola cidade que o vira nacer ao testar todos os seus dereitos económicos en favor do Museo de Pontevedra, e ao legar a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao os manuscritos das súas memorias, grazas ás cales hoxe podemos coñecer a intensa contribución que Portela Valladares realizou á historia democrática do século XX.

En consecuencia co exposto, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra propón para a súa aprobación polo Pleno da corporación a seguinte

PROPOSICIÓN

1) Que a efectos cumprir a Lei da Memoria Histórica, e de xeito especial co ánimo de respectar a memoria das vítimas da represión da ditadura franquista, o Concello de Pontevedra retire o honor que representa manter o nome de "Fernández Ladreda" nunha rúa da nosa cidade.

2) Que dada a importancia histórica que ten a traxectoria política, empresarial e cultural do pontevedrés Manuel Portela Valladares, o seu nome pase a denominar, en homenaxe á súa decisiva contribución á historia de Galicia, a rúa da nosa cidade hoxe dedicada a "Fernández Ladreda."

Abeto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Luís Rei Núñez, portavoz do grupo municipal Ma.Po.

O **Sr. Rei Núñez:** En novembro, o mes da memoria en Pontevedra, corenta e un anos e un día despois da morte do Sr. Franco presentamos esta proposición de acordo con dúas medidas, por unha banda retirar do rueiro o nome dunha figura que non é digna de seguir contando con esa distinción na nosa cidade, por outra banda propoñer un nome que si nos parece digno da homenaxe que comporta denominar unha avenida.

En 1948 a corporación municipal de Pontevedra decidiu bautizar unha rúa da nosa cidade co nome de José María Fernández Ladreda, co ánimo explicito de homenaxear a quen, dende xullo de 1945, era membro do goberno do xeneral Franco como Mi-

nistro de Obras Públicas, cargo no que se mantivo ata 1951. Antes de ser xeneral no exercito franquista, procurador nas Cortes da ditadura e ministro, Fernández Ladreda formou parte durante o alzamento armado contra a república, e con responsabilidade dirixente, na trama cívico militar que organizou o batallón de voluntarios que mediante actos de terror se alzou na cidade de Oviedo contra as lexítimas autoridades civís e militares.

Tras a entrada en vigor da Lei de Memoria Histórica creo que a nosa é a única das cidades galegas na que se perpetúa aínda no rueiro o nome dun ministro da ditadura franquista. Por iso solicitamos o apoio dos demais grupos para a retirada desa honra. Na segunda parte da moción propoñemos como nome alternativo o dun pontevedrés, Manuel Portela Valladares que, a pesar do seu relevo na historia de Pontevedra e de Galicia segue sen contar cun recoñecemento na nosa cidade. O ano en que se cumpriron oitenta desde a aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia é de xustiza salientar a súa decisiva actuación a prol do si, tras poñer El Pueblo Gallego, xornal do que era propietario, ao directo servizo da campaña pola que Galicia fixo efectivas as súas liberdades autonómicas en 1936. Morto no exilio francés en abril de 1952 e, a pesar de que as autoridades militares franquistas o desposuíran dos seus bens pontevedreses, Portela Valladares amosou o seu grande amor pola cidade que o vira nacer ao testar todos os seus dereitos económicos en favor do Museo de Pontevedra e ao legar a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao os manuscritos das súas memorias grazas as cales hoxe podemos coñecer a extensa contribución que Portela Valladares realizou á historia democrática do século XX.

En consecuencia, Marea Pontevedra proponlle aos demais grupos, corenta e un anos e un día despois da morte do Sr. Franco, a retirada do rueiro pontevedreses do nome do xeneral Fernández Ladreda.

Moitas grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Rei Núñez.

A continuación, en representación do grupo municipal Mixto-C's, intervén a súa portavoz dona María José Rey Martínez.

A **Sra. Rey Martínez:** Gracias.

Yo estoy a favor, y más en este caso, de cambiar los nombres de las calles para cumplir con la Ley de Memoria Histórica, pero lo que no podemos es, de manera aleatoria, ir cambiando una calle en cada Pleno sin un estudio histórico y riguroso que lo avale. ¿Saben ustedes cuanto les costaría a los ciudadanos de Pontevedra cambiar una calle cada mes? ¿No es más lógico crear una comisión de expertos, incluso voluntarios para que documenten los cambios necesarios?

Creo que recordar además que hay un acuerdo por el cual se iban a proponer nombres de mujeres, y lo digo sin despreciar el nombre de Manuel Portela Valladares, pero ya es hora de que los hombres esperen su turno, por cada diez calles que hay con nombre masculino hay una calle que honra a una mujer.

Con lo cual nos vamos a abstener, por la forma, que no por el fondo, y esperamos que Marea se sume a la iniciativa de crear esa comisión.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Rey.

A continuación, concede o uso da palabra a don Agustín Fernández González, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O **Sr. Fernández González:** Nós expuxemos a nosa posición cando se trouxo aquí o cambio da calle Javier Puig e compartimos o que acaba de expoñer a compañeira de Ciudadanos. Nós estamos a favor de cumprir a Lei de Memoria Histórica per de cumprila en condicións e facendo as cousas bens e, por iso reiteramos o que xa dixemos no seu momento con respecto a rúa Javier Puig. Estamos de acordo co fondo do asunto pero hai que darlle forma e, por iso, propuxemos incluso nunha comisión de réxime interior constituír un comité de expertos que nos diga que rúas hai que cambiar, que motive ese cambio, que se inicie un expediente como se debe iniciar e insistir no que tamén dixo María de que temos un acordo de que, na medida do posible, poñer nomes de mulleres nas calles, sen desprezar, evidentemente, a outras persoas que poidan merecelo.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández González.

De seguido, en representación do grupo municipal do PP, intervén o concelleiro don César Alberto Abal González.

O **Sr. Abal González:** Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Desde hace algunos años el Concello de Pontevedra viene utilizando el criterio de topónimos tradicionales para la nomenclatura de nuevos viales, en este sentido, para todas las calles de reciente apertura en la ciudad administrativa de Campolongo o en el polígono residencial de Valdecorvos se ha recurrido al viejo catastro de rústica, sin dejar espacio para los nombres patronímicos u honoríficos de personalidades ligadas a la ciudad. Vaya por delante que todo esto ha sido bajo un acuerdo unánime plenario pero yo quiero aprovechar este espacio para reivindicar que no se caiga en el exceso de recurrir siempre, por defecto, a este criterio. De seguir aplicando estrictamente esta norma dentro de unas décadas nos encontraríamos con una ciudad llena de leiras, veigas, agros o regos en la mayoría de los casos, algo impropio de una capital de provincia. De haberse aplicado en el pasado, por citar un ejemplo, la calle Castelao se llamaría Granxa do Caño, y cito este ejemplo intencionadamente tanto por su connotación simbólica con el nacionalista del BNG como por la profunda amistad que Castelao profesó hasta el día de su muerte con su gran amigo POrtela Valladares al que esta ciudad le sigue esperando una calle.

Era sobre finales de los noventa cuando las entidades de A Seca y Mourente, el Colegio de Abogados bajo la presidencia de Modesto Barcia y Amigos da Cultura recataban del olvido la figura de uno de los pontevedreses más ilustres. Se le llegó a rendir homenaje un viernes 3 de mayo de 2002 para conmemorar, ya con Eloy Artime como presidente, junto al caballo de Santa Margarita. En ese pequeño acto el representante del Concello de Pontevedra, Luis Bará, anunció con entusiasmo que pronto Pontevedra corregirá la injusticia de no dedicarle una calle a Portela Valladares, todavía seguimos esperando.

Quiero aprovechar el espacio que me queda para rescatar su figura explicando la controversia que generó su posicionamiento en los tiempos de la guerra civil. Manuel Portela Valladares nació en Mourente en 1867 y fue Presidente del Gobierno de España en los meses previos a los comicios de febrero del 36, en los que vence el frente popular, presidió el Colegio de Abogados de Pontevedra en 1897 antes de hacerse registrador de la propiedad a la edad de 32 años, al igual que Mariano Rajoy Brey. Se le considera el creador del centro político en España. Intentó, desde su posición de jefe de gobierno llevar a la práctica su ideario liberal a través de un proyecto de

centro que amortiguase los continuos enfrentamientos entre los bloques de izquierda y de derecha. Ante la victoria del frente popular en la revueltas sociales y anuncios de golpe de estado que este origina decide dimitir esa misma noche y entregar el poder a los ganadores. En la primera sesión de la Diputación Permanente de las Cortes del 15 de julio de 1936, tras el asesinato de Calvo Sotelo y ya como portavoz del grupo centrista lanza un mensaje de concordia y unión con el recordatorio de que a través del camino de la violencia nunca se llegaría a la paz, instando a todas las partes a cambiar el rumbo que los acontecimientos ya vislumbraban.

A su regreso a Barcelona, donde residía casado con Clotilde Puig conocida como la señora Condesa de Brías, padece un atentando en su propia casa debido a su condición de burgués por lo que decide refugiarse en Francia.

No está de acuerdo con el golpe de estado pero tampoco con el régimen de terror que se aplicaba en la retaguardia republicana. Intenta mediar entre los dos bandos e incluso llega a participar, a finales del 37, en las Cortes de Valencia en un intento de reconducir el horrible camino escogido por nuestros ancestros. Fallece exiliado en Francia en 1952.

Portela Valladares era un grandísimo defensor del galleguismo y del Estatuto de Autonomía de Galicia, como reconoce Castelao en Sempre en Galiza, del que fue íntimo amigo hasta sus últimos días. El Partido del Centro que él dirigía incluía la autonomía como uno de los puntos de su programa llegando a participar en el Comité Central de Autonomía de Galicia y haciendo campaña a favor del voto afirmativo.

Había fundado en 1924 el periódico El Pueblo Gallego, de corte liberal, abierto al galleguismo y al progresismo, y que hacía campaña a favor de una nueva situación política en España. Participó en la formación de Acción Galega en 1910 y fue uno de los firmantes del famoso Pacto de Barrantes en 1930.

Para el nuevo régimen franquista él representaba el hombre que había cedido el poder al Frente Popular, un liberal de la vieja escuela que era crítico con la derecha y partidario de la autonomía. Le expropian El Pueblo Gallego y su propio periódico es utilizado para desgastar su figura quedando su nombre incluido en el célebre estribillo popular que circuló con intensidad en los primeros años de posguerra:

"Galicia lo dio todo para salvar España: el caudillo, Francisco Franco, la víctima, Calvo Sotelo, el asesino, Casares Quiroga. Y Portela Valladares, que fue el traidor."

Firmado: César Abal. 13 de Octubre del año 2012 en un conocido medio de comunicación.

É aprovechado para leer este artículo para decirles a los señores de Marea que no puedo estar más de acuerdo con esta moción, no se puede estar más de acuerdo, y no pudiendo estar más de acuerdo con esta moción le vamos a decir que no, y le vamos a decir que no porque como hemos insistido en otros plenos esto no lo podemos hacer nosotros, los políticos, nos estamos convirtiendo en jueces y verdugos, los señores de Marea se convierten en xuíz, ellos dicen quien es franquista y quien no, deciden que Javier Puig participó del franquismo, fue un activista represaliador y todo lo que dijeron y en verdugos a la hora de quitar calles. No podemos decirles que si, señores de Marea, aun estando de acuerdo, queremos que esto lo diga un equipo de expertos. Y me sorprende la postura del grupo Ciudadanos y del grupo socialista cuando este grupo, en el pleno de 20 de julio de 2015 trae una moción justamente pidiendo lo que ellos dicen hoy, pidiendo exactamente la propuesta de acuerdo: “Instar ao Goberno Municipal a iniciar os trámites para un novo estudo histórico-xeográfico sobre o renovado Rueiro Municipal primando os nomes das mulleres”, pues votaron que no, hace menos de un año votaron que no, ahora esto se le debió ir de las ma-

nos o es que de aquella la moda era otra, no tienen rigor alguno, votaron que no. En el anterior pleno el Sr. Fernández alude a que se haga un concurso público y nosotros encantados, yo si quieren vuelvo a traer esta moción, si han cambiado de opinión vuelvo a traer esta moción e intentamos hacer algo entre todos. Y puse de ejemplo el gobierno de Rivas Fontán, en 1990, no aplicó el rodillo, no era el político el que decía que calle quito y que calle no, tuvo la sensatez de hacer un concurso público y encargar la redacción de un estudio histórico geográfico lingüístico compuesto por mapas y nomenclatura de todos los municipios. O 14 de novembro dese mesmo ano o prestixioso equipo composto por Juan Juega Puig, Celestino García Braña, Anxo Rey Caíña e Alicia Rodríguez Seco é seleccionado para tan bolo e fermoso traballo. Seis anos despois no mandato de Juan Luis Pedrosa se acomete. Esto es lo que debe de hacer el Concello de Pontevedra, encargar un estudio primando el déficit que existe con las mujeres, este grupo fue el primero que advirtió en comisión de cultura en el año 2012, advertimos del déficit de nombres de las mujeres, ya alertábamos de que el criterio de la micro toponimia y toponimia estaba muy bien pero entendíamos que no debería de ser con carácter ordinario sino para casos excepcionales e invitamos al resto de los grupos a que si impera la sensatez, ya lo dijo el Sr. Lores cuando este grupo pidió que incluyesen a Adolfo Suárez en un calle en Pontevedra dijo el Sr. Lores textualmente que estas cosas hay que debatirlas por consenso y se deben de debatir en comisión de cultura, no es patrimonio de ningún grupo. Ya lo decía el Sr. Alcalde, luego cambió de criterio, no se si por las elecciones o se vieron presionados con lo de Javier Puig y votaron a favor y ahora tienen el recurso que tienen y sin analizar el tema.

Yo les invito a que, entre todos, no estemos toda la legislatura en cada pleno poniéndole nombres a las calles intentado cambiarlas. El grupo de Marea va a ser recordado la legislatura por remunicipalizar todo lo posible, lo habido y por haber y por traer nombres de calles en cada pleno. Yo les invito a la concordia, al consenso y a quen encarguemos un estudio que si hay tantos déficits en el roteiro municipal que nos lo digan unos expertos.

Nada más y muchas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Abal.

A continuación, en representación do grupo municipal do BNG, intervén o seu portavoz don Xosé Luís Bará Torres.

O **Sr. Bará Torres:** Primeiro para informar ao representante do Partido Popular que ese estudo histórico xeográfico foi unha proposta do BNG aprobada polo pleno.

Con respecto á proposta de Marea sobre esta cuestión e en xeral sobre a memoria histórica vostedes saen dun souto e métense noutro, eu creo que esa é a característica de todas as iniciativas que fan vostedes no ámbito da memoria histórica e nesta moción pasa o mesmo, como xa lles pasou co caso do día de Galiza Mártir. Aquí habería que facer memoria porque neste concello cambiáronse moitos nomes de rúas, asegúrolles, e non foi fácil, sen ningunha lei de memoria histórica, cambiouse o nome de Salvador Moreno, de Vázquez Lescaille, Font de Vila, Paco Lois e moitos outros e non foi fácil, xa llo podo asegurar.

O que lle agradeceríamos é que prediquen un pouco co exemplo e que o que propoñen aquí o fagan alí onde gobernan, por exemplo en Madrid levan máis dun ano dándolle voltas cunha famosa comisión, e ollo coas comisións, de expertos e expertas que xa sabemos como acaban. Levan un ano mareando, e nunca mellor dito, a

cuestión.

Tamén lle agradecemos coherencia, agradecémoslle coherencia, por exemplo, asistindo aos actos que organiza este concello en homenaxe e como consecuencia de acordos plenarios, porque botamos moito, quero dicirllo, a súa ausencia, por exemplo, cando se inaugurou o parque Amalia Álvarez, que foi consecuencia dun acordo deste pleno, como tamén botamos de menos a ausencia do seu grupo o pasado 12 de novembro nun acto histórico da Deputación de Pontevedra de recoñecemento e homenaxe aos presidentes da Deputación, moitos deles pontevedreses que foron asasinados e que foron represaliados.

Con respecto á proposta de Portela Valladares, aínda que xa lle anuncio que imos votar en contra, non recordo eu esta intervención do ano 2002 á que fai referencia o Sr. Abal, en todo caso, se dixen iso rectifico, porque xa estou máis informado, xa lin máis bibliografía e eu non sei, en todo caso é un personaxe controvertido, con moitas luces e tamén con moitas sombras, non sei a que Portela Valladares queren vostedes homenaxear, se ao protagonista da restauración borbónica, desa elite caciquil do turnismo dos Goberno do Estado, ou ao Gobernador Xeral de Cataluña no ano 1935 cando se disolve o Parlamento Catalán e se destitúe ao Presidente da Generalitat que se chamaba Lluis Companys, e se nomea Presidente da Generalitat de Cataluña e Gobernador Xeral de Cataluña, por decreto, ao Sr. Portela Valladares. Ou ao Ministro d Gobernación no goberno de Lerroux, no ano 35, unha época de fortísma represión tamén, ou ao Portela Valladares que lle escribe esa famosa carta a Franco manifestándolle a súa adhesión, despois do golpe do 36 e declarando a súa admiración ao ditador e poñéndose ao seu servizo. Eu non nego tamén que ten moitos méritos e obras importantes e que debe de ter o recoñecemento e o coñecemento en Galiza, por iso, e dende logo, do Colexio de Abogados ou do Múseo de Pontevedra e doutras institucións pero non compartimos, e menos tendo en conta os criterios que temos aprobado aquí, a idea de que teña que ter o recoñecemento dunha rúa.

Con respecto á proposta do grupo de Marea pedimos a súa retirada, ademais, facendo mención ao informe do Secretario do Pleno que recomenda que isto teñan un trámite distinto ao que vostedes propoñen aquí, e en todo caso o que propoñemos é que na próxima comisión de benestar social se analice esta cuestión, se estuden os criterios en xeral sobre as denominacións das rúas, eu creo que temos un rueiro con nomes que responden a unha concepción aínda, a estas alturas, clasista, machista e elitista, fora do que tería que ver coa cuestión da memoria histórica e ao mellor habería que facer unha revisión absoluta da nomenclatura das rúas urbanas, a fondo, de verdade, a fondo, non con catro cuestións e, dende logo, temos aprobados tamén uns criterios para as denominacións cos novos nomes onde teñen que prevalecer a cuestión dos nomes das mulleres, porque acordou este pleno e aprobamos aquí unha relación de trinta nomes e tamén o criterio toponímico, dende logo estou radicalmente en contra da postura que expuxo aquí xa en numerosas ocasións o Sr. Abal que rebela tamén un claro clasismo, cando rexeita o uso de nomes galegos tan sonoros, tan ben soantes como as leiras, as veigas ou os agros, eu creo que o nome más bonito que se puxo aquí a unha rúa foi o Agro da Estrela e recuperouse grazas a este criterio.

En canto á proposta de tratar este tema na comisión falémolo con calma e miremos ben o que supón o trámite das comisións de persoas expertas e expertos porque xa sabemos o que pasou na Coruña e tamén sabemos o que está a pasar en Madrid, polo tanto non ten por que ser esa a única solución posible e, en todo caso, para concluír anunciamos que pedimos a retirada da proposta e se non é así o noso voto

é en contra, non porque non creamos que haxa que quitarlle o nome é rúa Fernández Ladreda que xa o anunciamos e ímolo facer, Fernández Ladreda non terá un nome dunha rúa en Pontevedra, senón pola cuestión de fondo á que fixen referencia.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Bará.

Sr. Rei Núñez, ten a palabra.

O **Sr. Rei Núñez:** Ben, varias cousas. A min gostaríame este ano asistir este ano a homenaxe que se lle rendeu aos mártires do día 12 de novembro, ocorre que era sábado e o meu grupo estivo representado...

O **Sr. Bará Torres:** o seu grupo na Deputación.

O **Sr. Rei Núñez:** Bueno, vamos a ver, isto xa ronda o non sei como chamalo, porque tamén hai que aclarar que nós non gobernamos en Madrid, iso en primeiro lugar, nós temos unha responsabilidade, a que nos deron os cidadáns de Pontevedra, de representar unha parte dos pontevedreses neste concello e traemos as propostas que consideramos oportunas; como se fala durante todo este mes e se enche a boca da memoria histórica pois nos parece oportuno intentar corrixir aquelas homenaxes indignas de figurar no rueiro pontevedrés. Evidentemente as comisións de expertos poden estar ben pero tampouco son infalibles e o feito de que non son infalibles é que no Concello de Pontevedra, despois de dúas quendas de modificación do rueiro aínda sobreviven algúns nomes que todos parece que coincidimos aquí en que sobran. Iso dixo o representante do partido popular, o señor popular, e tamén o dixo o representante do grupo de goberno, do Bloque Nacionalista Galego. En todo caso, non se fixo unha comisión dende hai uns cantos anos e, como nos parece que aínda que vaimos a esa comisión na que habería que ver tamén se os expertos están de acordo con formar parte dela, aínda que vaimos a esa comisión, poderiamos ir alixeirándolles o traballo cambiando algúns nomes.

Neste caso concreto imos optar pola retirada da moción porque si nos gustaría que pasase pola comisión de cultura atendendo a outro criterio que fixou este pleno hai uns meses e que nós apoiamos, que era o de feminizar o rueiro, pensamos que o nome de Portela Valladares debe estar no rueiro de Pontevedra pero tamén pensamos que é importante cumprir ese acordo de feminizar o rueiro e con ese único obxectivo poderíamos devolver esta proposición a comisión correspondente e que alí buscásemos unha denominación alternativa a desta rúa de Fernández Ladreda.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Rei.

Sr. Abal, ten a palabra.

O **Sr. Abal González:** Decirle al Sr. Bará que la palabra textual que yo he utilizado es que no se caiga en el exceso de recurrir siempre, por defecto, al criterio de la microtoponimia, estamos de acordo pero non hai que recorrer sempre. O tempo deunos a razón como foi os trinta nomes de mulleres que vostedes trouxeron aquí e que, por certo, olvidáronse de Amalia Álvarez e de moitisimas outras persoas porque non o fixo un equipo especialista de investigadores, e eu lle insisto e lle rogo que o fagan.

Vostede parece que colle os tics ditatoriais do Sr. Lores, o dedo do rei, vostede vai decidir que Portela Valladares non merece unha calle, que un presidente do goberno

de España, pontevedrés, exiliado polo franquismo, íntimo amigo de Castelao, ao que Castelao na guerra civil seguía recoñecendo como íntimo amigo del, e vostede, o dedo do rei vai a decidir que non merece unha calle, non vai a esperar a investigadores, a expertos, vostede, que estaba equivocado no ano 2012 como aquí recoñeceu, entende que agora ten a razón. Nós esta política non a compartimos, esta situación guerra civilista, frentista, que vostede quere facer aquí. Non ten sentido que lle vote en cara a outro grupo municipal, democrático, como é o grupo de Marea, e parece mentira que lle teña que dicir eu isto, que non asista a un homenaxe, parece mentira que vostede llo vote en cara, nisto temos que ir todos da man e con consenso. Non me parece respectuoso que utilice iso como enfrontamento na batalla política, Sr. Bará.

Nada máis e moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Abal. Non hai máis intervencións.

Eu aguanto tralla aquí, si contesto queda peor, pero queda en acta, estas cousas todas quedan en acta. Retira a proposta o Sr. Rei, polo tanto non ha lugar a votación ningunha.

Rematado o debate, a iniciativa do grupo municipal propoñente, o Sr. Alcalde-Presidente retira a proposición da orde do día da sesión.

Incidencias.- Auséntase da sesión dona Pilar Comesaña Hermida.

13.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS RELATIVA A MANTER ACTIVO E FUNCIONANDO O SERVIZO PROVINCIAL DE VÍAS E OBRAS ASÍ COMO A SÚA LOCALIZACIÓN PRINCIPAL.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), declárase a urxencia da presente proposición.

O texto íntegro da proposición presentada polo grupo municipal Mixto-Ciudadanos é do teor literal seguinte:

"De acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e coas modificacións introducidas na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidad da Administración Local as principais obrigas das Deputacións Provinciais son, entre outras:

Coordinar a xestión de determinados servizos dos municipios de menos de 20.000 habitantes, en concreto os seguintes:

A. Recollida e tratamento de residuos.

B. Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

C. Limpeza viaria.

D. Acceso aos núcleos de poboación.

E. Pavimentación de vías urbanas.

F. Alumeado público.

Segundo o establecido na lei, para coordinar a citada prestación de servizos a Deputación proporá, coa conformidade dos municipios afectados, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o xeito de prestación, consistente na prestación direc-

ta pola Deputación ou a implantación de fórmulas de xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou outras fórmulas.

De acordo co espírito da lei e a teor do exposto podemos considerar que a coordinación das labores de mantemento do viario local e das distintas infraestruturas dos concellos de menos de 20.000 habitantes son unha das principais obrigas das Deputacións Provinciais.

Deste xeito a Deputación Provincial de Pontevedra, conta cun servizo de infraestruturas cos seus correspondentes cuadrillas e parque de maquinaria destinado á prestación directa destes servizos aos concellos da provincia.

Por outra banda, atendendo aos datos do padrón actualizado presentado polo INE, os concellos que quedarían dentro destas obrigas na provincia de Pontevedra serían:

sin A.M.		A.M. Vigo		Resto A.M. Vigo	
36020 Agolada	2 585	36003 Baiona	12 072	36009 Cañiza, A	5 230
36001 Arbo	2 846	36019 Fornelos de Montes	1 794	36023 Guarda, A	10 193
36002 Barro	3 726	36021 Gondomar	14 056	36030 Mondariz	4 665
36004 Bueu	12 251	36029 Moaña	19 492	36034 Neves, As	4 066
36005 Caldas de Reis	9 834	36033 Mos	15 305	36036 Oia	3 008
36006 Cambados	13 895	36035 Nigrán	17 619	36048 Rosal, O	6 406
36007 Campo Lameiro	1 931	36037 Pazos de Borbén	3 067	36054 Tomiño	13 662
36010 Catoira	3 368	36039 Porriño, O	18 898	36055 Tui	17 013
36011 Cerdedo	1 828	36049 Salceda de Caselas	8 873	36058 Vilaboa	6 059
36012 Cotobade	4 332	36050 Salvaterra de Miño	9 619		
36013 Covelo	2 617	36053 Soutomaior	7 317		
36014 Crecente	2 252				
36015 Cuntis	4 878				
36016 Dozón	1 174				
36018 Forcarei	3 683				
36022 Grove, O	10 801				
36901 Illa de Arousa, A	4 956				
36025 Lama, A	2 670				
36027 Meaño	5 382				
36028 Meis	5 006				
36031 Mondariz-Balneario	652				
36032 Moraña	4 358				
36041 Poio	16 842				
36043 Ponte Caldelas	5 540				
36044 Pontecesures	3 062				
36040 Portas	3 061				
36046 Ribadumia	5 087				
36047 Rodeiro	2 700				
36051 Sanxenxo	17 391				
36052 Silleda	8 772				
36056 Valga	6 062				
36059 Vila de Cruces	5 556				
36061 Vilanova de Arousa	10 422				

Tendo en conta a aprobación recente do Área Metropolitana de Vigo, e dos concellos adscritos actuais e futuros, os cales dentro do Área Metropolitana, segundo a Sección Primeira, Art 16 da Lei de Área Metropolitana, teñen propias competencias para a redacción dun Plan Metropolitano, no que se inclúan as actuacións, entre outras, en infraestruturas, (a falta de definir devandito plan), polo que estes concellos poden segregarse nun futuro da necesidade dos servizos prestados pola Deputación de

Pontevedra.

Consideramos que os concellos a curto prazo que deben ser beneficiarios do apoio directo das cuadrillas do servizo de infraestruturas serían:

36020 Agolada	2 585
36001 Arbo	2 846
36002 Barro	3 726
36004 Bueu	12 251
36005 Caldas de Reis	9 834
36006 Cambados	13 895
36007 Campo Lameiro	1 931
36010 Catoira	3 368
36011 Cerdedo	1 828
36012 Cotobade	4 332
36013 Covelo	2 617
36014 Crecente	2 252
36015 Cuntis	4 878
36016 Dozón	1 174
36018 Forcarei	3 683
36022 Grove, O	10 801
36901 Illa de Arousa, A	4 956
36025 Lama, A	2 670
36027 Meaño	5 382
36028 Meis	5 006
36031 Mondariz-Balneario	652
36032 Moraña	4 358
36041 Poio	16 842
36043 Ponte Caldelas	5 540
36044 Pontecesures	3 062
36040 Portas	3 061
36046 Ribadumia	5 087
36047 Rodeiro	2 700
36051 Sanxenxo	17 391
36052 Silleda	8 772
36056 Valga	6 062
36059 Vila de Cruces	5 556
36061 Vilanova de Arousa	10 422

PROPOSTA DE ACORDO

Instar á Deputación de Pontevedra a manter activo e funcionando o mencionado servizo Provincial de Vías e Obras, mantendo a súa localización principal (parques e talleres) na capital da provincia, por consideralo o punto máis idóneo e centralizado para dar servizo aos mencionados municipios e prevendo que pola súa banda a área Metropolitana de Vigo terá competencias na mesma materia froito do traslado com-

petencial a desenvolver no futuro próximo.

No entanto, si consideramos que a localización do Parque e taller de maquinaria deberá corresponder a unha situación acorde co carácter industrial do mesmo e que permita un desenvolvemento sostible medioambientalmente."

Incidencias.- Reincorpórase á sesión dona Pilar Comesaña Hermida.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a dona María José Rey Martínez, concelleira do grupo municipal Mixto-C's.

A **Sra. Rey Martínez:** Gracias.

A raíz de una moción presentada en la Diputación Provincial por En Marea y probada en el pleno se acordó no solicitar la renovación de la concesión de las naves de la administración provincial en la Xunqueira de Alba, por lo cual exigimos que el futuro emplazamiento de todas las instalaciones continúe en el Concello de Pontevedra. Esta moción pretende recordarle a la Diputación que no se pueden desmantelar unas instalaciones públicas en la ciudad de Pontevedra sin tener ubicación también en la ciudad, una ubicación acorde a su carácter industrial, porque después escuchamos declaraciones alabando la labor de la Presidente de la Diputación, tales como la Diputación está trabajando por Vigo, es una maravilla que la inversión en Vigo sea excepcional, en boca del Sr. Abel Caballero, mientras en Pontevedra hablamos de la posibilidad de desmantelar un centro de trabajo. Pero es que además una de las principales obligaciones de las diputaciones es coordinar la gestión de determinados servicios en los municipios de menos de 20.000 habitantes. Hemos hecho un estudio de esos ayuntamientos, al margen de los que integrarán el área metropolitana de Vigo porque tendrán competencias propias, y la mayoría se encuentran en un radio próximo a Pontevedra por lo que es más que defendible que instemos a la Diputación de Pontevedra a mantener activo y funcionando el mencionado Servicio provincial de Vías y Obras manteniendo su localización principal, parques y talleres, en la capital de la provincia por considerarlo el punto más idóneo y centralizado para dar servicio a los mencionados municipios y previendo que, por su parte, el área metropolitana de Vigo tendrá competencias en la misma materia, fruto del traslado competencial a desarrollar en el futuro cercano. No obstante, sí consideramos que la localización del parque y taller de maquinaria deberá corresponder a una situación acorde con el carácter industrial del mismo y que permita un desarrollo sostenible medioambientalmente.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Rey.

A continuación, en representación do grupo municipal Ma.Po., intervén a concelleira dona María del Carmen Moreira Martínez.

O **Sra. Moreira Martínez:** Moitas grazas.

Adianto que vamos a votar a favor desta proposta. Dende Marea Pontevedra xa promovermos e foi aprobado no seu día na Deputación de Pontevedra iniciativa para que os servizos de imprenta provincial e o servizo de vías e obras fosen trasladados da ubicación actual a outra máis axeitada no Concello de Pontevedra.

Grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Moreira.

De seguido, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, fai uso da palabra o seu portavoz don Agustín Fernández González.

O **Sr. Fernández González:** Gracias, Sr. Alcalde.

No ano 2018 remata a concesión administrativa da que dispón a Deputación nos terreos que actualmente ocupa o parque de maquinaria e, en coherencia co que se ven mantendo con respecto a outras concesións este Concello debe posicionarse a favor da recuperación dese espazo e da reubicación do parque. De feito, como se dixo xa aquí, a propia Deputación aprobou no seu momento unha proposta nete sentido. Polo tanto, a primeira premisa é indiscutible, o parque de maquinaria tense que ir de onde está. Iso nos leva á segunda premisa que é a recuperación dos terreos, neste sentido esperamos que a Deputación cumpra e adopte as medidas necesarias para que se poida levar a cabo esa recuperación, o que supón, ademais de facer un estudo, poñer cartos no orzamento. Non sería mala idea que se fose asinando un convenio, que non todo van a ser campos de fútbol tamén poden ser outras cousas, e non sería mala idea tamén que a Deputación axilizase o tema para que non pase como co abastecemento da auga en Pontevedra, que se nos bota enriba o tempo.

A terceira premisa está relacionada co mantemento da actividade no noso Concello, elemento tan importante como os dous anteriores. Fai uns días o Alcalde facía unhas declaracións nas que viña a dicir, máis ou menos, que estaba disposto a defender ás empresas da cidade, incluso aínda que iso o levara ao xulgado, máis ou menos dixo iso, non entendín ben ese ataque de Juana de Arco que lle deu, pero bienvenido sea a este lado de la corredoira, porque bueno, eu non creo que teña que chegar tan lonxe, basta con que vostede reorganice os orzamentos para axudar á reactivación económica e se poña a traballar nesa dirección, se iso é así benvido, aí nos vai a encontrar seguro para botarlle unha man. Por exemplo, por darlle unha idea, poderían empezar a falar dese tema coa Presidente da Deputación nesas chamadas telefónicas que se fan vostedes, na que vostede se queixa do portavoz do PSOE e ela lle responde "que te voy a contar yo, querido Miguel Ángel", pois igual nesas charlas poderían atopar un oco para falar de temas máis apaixoantes como son as inversións en Pontevedra, non vaia a ser que acabemos desinvertindo en Pontevedra, porque a este ritmo non sei. Entón, aconséllolle que se poña a traballar vostede neste asunto se quere ser crible niso de partirse o peito polas empresas da cidade, porque tamén para iso pode contar con nós. Evidentemente, se eu fose a Presidenta da Deputación, que non o son, o primeiro que lle diría sería, "home, Miguel Anxo, sabes que contas comigo pero ofréceme algunha ubicación alternativa, pon algo da túa parte". Polo tanto, cuarta premisa, cando fale vostede do tema leve preparadas algunhas opcións, como o Sr. Moquera anda moi ocupado coa súa Vicepresidencia agora mesmo non recordo en que estaba vostede ocupado pero seguro que está ocupado en algo, pois tamén se non encontra ubicacións conte con Partido Socialista que tamén para iso lle poderemos botar unha man, para axudalo, simplemente para axudalo.

Esa debería ser a folla de ruta. En realidade esa folla de ruta xa debería estar falada e comprometida, porque estamos en novembro de 2016 e o tempo pasa voando. Vamos a intentar sacarlle algún rendemento a isto de ter un Vicepresidente e, en vez de pelexarse cos traballadores, que ao mellor hai que facelo pero nunha mesa de negociación, non nos medios de comunicación, pois en lugar diso ao mellor sería moito máis rentable estar falando agora de onde vai ir o novo parque de maquinaria, porque non deixa de ser un centro de traballo e nada menos. Polo tanto, para Ponteve-

dra sería importante manter ese centro de traballo.

As noticias que chegan sobre o troceamento que se pretende facer non son nada optimistas. Esperamos que se recobre a sensatez e este goberno se poña a traballar no mantemento dun servizo público esencial como é o mantemento das nosas estradas e que a súa base siga estando en Pontevedra.

Moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Fernández González.

A continuación, en representación do grupo municipal do PP, intervén o seu portavoz don Jacobo Moreira Ferro.

O **Sr. Moreira Ferro:** Gracias, Sr. Presidente.

Nosotros vamos a apoyar esta propuesta porque compartimos gran parte de lo que ahí se dice. Se reclama que se mantenga activo y funcionando el Servicio provincial de Vías y Obras, es evidente, yo creo que hasta el Partido Socialista lo está reconociendo, que está en la Diputación, que la Diputación no está haciendo nada en Pontevedra, el parque es verdad que está paralizado, esto no hay más que preguntarle a los alcaldes, no hay más que ver las pistas de la diputación y no hay más que ver como este verano las cunetas no se limpiaron, cosa que si ocurría los años anteriores, y que hay una absoluta paralización de la Diputación Provincial de Pontevedra en cuanto a Pontevedra y particularmente en cuanto al parque de maquinaria. No se que es lo que están tramando el Sr. Mosquera y la Sra. Silva, que actúa como delegada, lo he dicho siempre y lo repito, delegada del Alcalde de Vigo en la Diputación de Pontevedra, que la está convirtiendo a la Diputación contra Pontevedra y lo que se dice aquí en esta moción y lo que dice aquí el portavoz del Partido Socialista es un hecho claro que corrobora todo lo que estoy diciendo y lo que venimos diciendo desde el primer momento en que la señora delegada del Alcalde de Vigo tomó posesión en la Diputación iba a hacer en Pontevedra. Lo dijimos desde el principio, esto está perjudicando a Pontevedra, hay un pacto entre BNG y Partido Socialista que está perjudicando a Pontevedra, ya no lo digo yo, Sr. Lores, lo dice el representante del PSOE, imagino que me irá creyendo poco a poco.

Están preocupados porque, claro, llega a extremos tan inútiles y absurdos como que la Presidenta de la Diputación dice que no se reúne con la empresa ENCE porque ella no se reúne con empresas privadas, mentira, si se ha reunido con empresas privadas y usted, Sr. Lores, debería decirle que es bueno reunirse con empresas privadas, usted lo hace continuamente, incluso a veces lo llevan a comer fuera de esta ciudad, por lo tanto, creo que aquí el problema es que, a lo mejor, si se sienta con una cierta empresa privada, en este caso ENCE, se acabó el pacto en la Diputación, eso es lo que les importa, mantenerse los dos quietecitos, que nadie diga nada que le moleste al contrario, que la Sra. Silva no diga nada que moleste al Sr. Mosquera y que el Sr. Mosquera no diga ni haga nada que moleste a la Sra. Silva, porque entonces se acabó el pacto, Pontevedra, eso es lo de menos. Lo primero está claro que es Vigo, y yo y ahora Sra. Rey acuérdese usted lo que dijo en una moción cuando yo traje una propuesta para enmendar el articulado, pedir que el articulado de la ley del área metropolitana no llevara ese tratamiento a Vigo, ahora estamos empezando a ver las consecuencias, y yo lo dije en su momento, creo que eso era un error para Pontevedra y ahora, claro, evidentemente, si Vigo y el área mentropolitana de Vigo van a tener sus servicios eso va a significar inevitablemente una mengua del servicio en Pontevedra, no lo dude, la privatización no lo sé, pregúnteselo a su compañero

que tenía a la derecha, que algo debe de saber, pero lo que está claro es que Pontevedra ha perdido con esta Diputación, sigue perdiendo con esta Diputación y, desde luego, como sigamos en manos de dos partidos que ha perdido, que no tienen la mayoría de la representación cada uno por si solo en la Diputación de Pontevedra pues va a irle muy mal a Pontevedra porque aquí lo que importa es Vigo, lo que importa es el pacto y Pontevedra es lo último.

Nosotros vamos a apoyar esta moción y esperamos que el parque de maquinaria comience a dar el servicio que se daba anteriormente y que los vecinos empiecen a notarlo porque lo que están notando es, precisamente, una paralización intolerable, y creo que si usted es el Alcalde de Pontevedra, Sr. Fernández Lores, debería poner Pontevedra por encima de Vigo y por encima de cualquier pacto por estar con el Sr. Mosquera en la Diputación de Pontevedra.

Nada más y muchas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Moreira.

De seguido, en representación do grupo municipal do BNG, intervén o concelleiro don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O **Sr. Mosquera Lorenzo:** Grazas, Sr. Alcalde.

Dáme a sensación nalgún momento de estar escoitando un pleno da Deputación. Realmente poñer un debate, o digo pola moción que está sendo aproveitada para outras cousas, poñer un debate sobre a Deputación pois en principio e xogar no terreo de quen sabe como está. As relacións entre o Concello e a Deputación en xeral foron e procuramos sempre que foran boas, eu potencieino, tocoume ter ese papel a petición expresa dos sucesivos presidentes e temos que recordar, por exemplo, que si a Deputación aumentou funcionarios e dependencias en Pontevedra foi porque o Concello lle facilitou o edificio administrativo, por exemplo; ou que houbo unhas relacións, en xeral, bastante correctas e que permitiron facer a ponte de Monteporreiro ou outro tipo de actuacións no centro histórico, agora mesmo acabase de rematar a Ponte Magueiros, que estaba en perigo de ruina, os asfaltado da rúa de Marcón, de Pedra do Lagarto, o asfaltado da Ruibal, e hai un marcha toda unha serie de actuacións. Obviamente hai bastantes máis e con bastante mellor ritmo do que había antes, por exemplo, creo que pasamos oito anos sen facer un convenio para un campo de fútbol e agora hai dous, e están outros convenios en marcha como o do saneamento do Gafos que vai a poñer a Deputación medio millón de euros, ou o que irá, supoño, a semana que ven a Xunta de Goberno, a rotonda da entrada de Príncipe Felipe que, como todos sabemos, é un auténtico perigo, outro medio millón de euros. Entón, o volume de transferencias e de relación entre o Concello de Pontevedra e a Deputación, máis ou menos, ao cabo dos catro anos imos andar sobre os dez ou doce millóns de euros, máis que o DUSI e máis que outros plans que se consideran extraordinarios, está en trámite, xa está o anteproxecto, hai que rematalo, do acceso a Monteporreiro por Tafisa, está xa comprometido o convenio para facer o vial perimetral a Montecelo, etc.

Isto é o que hai realmente e despois, si o PP en Vigo di que todo é en Pontevedra e en Pontevedra di que todo vai para Vigo, bueno, ese é un xogo bastante socorrido pero que non se corresponde para nada coa realidade. Como non se corresponde para nada coa realidade tamén esa campaña que fixo o PP con respecto ao parque de maquinaria; o parque de maquinaria as únicas dúas decisións que se adoptaron foron: una, que traballaran nas estradas provinciais, que antes non pisaban unha es-

trada provincial, o de falar de Pontevedra é un certo descoñecemento, en Pontevedra creo que dende o ano 1989 ao 1991 e dende o 1999 ata o 2015 o parque de maquinaria non entrou, non entrou, polo tanto non puido notarse que mellorara ou que desmellorara, simplemente non entrou, salvo algunha actuación. O que se fixo foi exactamente iso, polo tanto, para manter estradas provinciais este verán habería mías medios, non sei se lle dedicaron eses, senón non quero pensar que dedicarlle máis medios e que os resultados sexan peores qué demonios puido significar. A segunda decisión foi que as pernoctas, desprazamentos sen xustificar non se pagaban, como todo fillo de veciño, esa foi outra decisión, non se tomou ningunha máis, ningunha. Si se tomou no pleno da Corporación a decisión de non renovar as concesións da Xunqueira, por certo que xa estaba falado anteriormente, incluso co anterior presidente, co Sr. Louzán, en que ese sitio non era o axeitado. Outra cousa era o da imprenta, porque a tendencia agora, véxase o que fixo Costas, é que si hai un edificio, que restaurar un sitio onde hai un edificio é moi difícil porque se afecta á cimentación, reméxese todo e despois posiblemente se faga peor, pois igual a imprenta da Deputación, o edificio, se puidera reaproveitar, que foi a modificación que se lle fixo á moción que se presentara no pleno. Entón, non hai ningunha novidade con respecto a isto, hai só isto, un orzamento deste ano, que non sei se dará tempo a contratalo ou non, un, e senón irá para o ano que ven, un estudo das alternativas. Alternativas hai moitisimas e non hai ningunha previsión de levalo nin de desmantelalo para ningún lado, a Deputación ten dúas seccións que son as brigadas e máis o parque de maquinaria que haberá que ver, como consecuencia dos estudos, que relación teñen entre elas ou como funcionan, pero iso está sen decidir.

En todo caso, ubicacións hai todas as que se queiran, como supoño que saberán, as instalacións, o servizo das estradas, como é este caso, pode perfectamente estar ao lado dunha estrada ben comunicada, pode estar perfectamente, habería que mirar que tivera os servizos necesarios e, polo tanto, hai suficientes estradas, creo, como para poder colocalo en Pontevedra. Si se vai a un polígono industrial, pois dentro de Pontevedra non sería fácil pero, en todo caso, tamén está o polígono da Deputación de Barro-Meis que está a un quilómetro do Concello de Pontevedra e, polo tanto, aí non habería maior problema. Ao poñerlle a esixencia, porque hai o de Barro-Meis, ao poñerlle a esixencia a un parque de que vaian os terreos industriais, por iso digo que a moción, antes comentáballe a autora que posiblemente era mellor comentala antes por algúns matices, practicamente non hai ningún, por que?, porque os terreos industriais son caros, son caros por urbanización e demais, entón como sabedes, se ides por aí por unha estrada e vedes ao lado da estrada a área de servizo, que non é un polígono industrial, é simplemente unha área de servizo, como están as gasolineiras e cousas desas, entón iso xa digo está sen decidir.

Con respecto a esa suposición, aceptación, hai dúas suposicións na moción que son máis teoría que práctica, a lei 7/2013, se non me engano, digamos que si que lle da á Deputación o carácter categórico de poder coordinar e incluso substituír aos concellos de menos de 20.000 na prestación de servizos. Que se saiba ningunha deputación o está facendo nin o vai a facer, esa suposición non é realista e moito menos realista é pensar, ata onde sabemos, que a área metropolitana de Vigo se vai a encargar das pistas dos concellos ou das vías dos concellos ou da deputación na súa área xeográfica, moito menos realista, polo menos a bastantes anos. Polo tanto, si se vai a seguir cubrindo toda a provincia, as estradas provinciais ou axudándolle aos concellos mediante as transferencias ou os proxectos que eles queiran; í se vai a manter as instalacións trasladadas do sitio e nada máis, e que vai a ser en Pontevedra seguro tamén, seguro, ninguén plantexa outra cousa, que conste que hai instalacións fora, non do parque pero da brigada si hai, senón recordo mal en Silleda, Ponteare-

as, hai tres creo ou catro, que pode habelas pero, vamos, en ningún momento se plantexou e non temos ningún problema en vota a favor, iso é o que está decidido e é o que hai ata agora, vai absolutamente na liña do que está decidido.

Outras afirmacións de que si mesa de negociación que si outras cousas, case lle diría ao portavoz do PSOE que lle pregunte a quen leva negociacións alí, que non son eu precisamente, e que lle explique o que pasou ou que teña ollos para mirar o que estivo pasando por aí de ameazas, coaccións, pintadas e demais, creo que lle explicarán bastante ben o que sucedeu. Por iso digo, non é un aspecto central, é un aspecto colateral que si se está vinculando creo que se está facendo erroneamente, o destino do parque vai a ser quedarse, na súa forma actual ou transformado, quedarse en Pontevedra, polo menos ter o centro operativo en Pontevedra e trasladado do sitio actual que todo o mundo recoñecerá que ter unha planta de aglomerado nunha Xunqueira... afortunadamente non está funcionando agora pero non creo que sexa cuestión de explicar máis cousas, por exemplo, esa planta de aglomerado traballaba o aglomerado en frío e os técnicos provinciais, pero non de agora senón de hai dez anos, non querían nas estradas provinciais iso, por iso traballan os dos concellos, habería moito que falar, igual que da maquinaria que hai alí, pero non creo que sexa o que interese agora nin que sexa procedente alargar máis este pleno.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Mosquera.

Sr. Fernández, ten a palabra.

O **Sr. Fernández González:** Eu non vou a referirme á moción porque, evidentemente, xa está debatida, pero exactamente igual que me molestan as faltas de respecto que pode ter o Sr. Mosquera no día de hoxe nalgún momento, me molesta moito máis, pero moitísimo máis as faltas de respecto reiteradas que ven mantendo o Sr. Moreira hacia a persoa da Presidenta da Deputación e que rozan el machismo, un día como hoxe rozan el machismo, é unha auténtica vergonza que vostede siga faltándolle ao respecto á Presidenta da Deputación, é un escándalo, por favor pida perdón, porque mire onde estamos, mire onde estamos e o que vostede ven dicindo, creo que é inaceptable nun representante político utilizar esa terminoloxía que vostede está utilizando.

Nada máis.

Rematado o debate, realízase votación ordinaria e, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), acorda aprobar a proposición do grupo municipal Mixto-C´s relativa a manter activo e funcionando o Servizo Provincial de Vías e Obras así como a súa localización principal.

C) MOCIÓNS URXENTES:

Non se presentaron mocións urxentes.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL:

14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DO ALCALDE, DE DATA 24.10.2016, POLO QUE SE MODIFICAN AS ÁREAS DE GOBERNO, CONCELLEIROS RESPONSABLES DAS DISTINTAS ÁREAS E DELEGACIÓNS ESPECIAIS.

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto referido no asunto.

15.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DO ALCALDE, DE DATA 24.10.2016, POLO QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto referido no asunto.

16.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DE INGRESOS E GASTOS DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS REFERIDO AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016.

O Pleno do Concello toma coñecemento da información subministrada polo Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade sobre o estado de execución de ingresos e gastos do Concello e dos seus organismos autónomos, segundo a base 17ª das de execución do orzamento, correspondente ao 3º trimestre 2016.

17.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN SUBMINISTRADA O 31 DE OUTUBRO DE 2016 AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN VIRTUDE DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016.

O Pleno do Concello toma coñecemento da información subministrada polo Concello ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas, en virtude da orde HAP/2015/2012, correspondente ao 3º trimestre 2016.

18.- DACIÓN DE CONTA DOS LISTADOS AOS QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos listados aos que fai referencia o artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao terceiro trimestre de 2016.

19.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Alcaldía e resolucións dos concelleiros de goberno e do persoal directivo correspondentes ao mes de outubro do 2016.

20.- PREGUNTAS.

PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL MAREA PONTEVEDRA SOBRE A CRUZ DOS CAÍDOS.

A continuación o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal Ma.Po, don Luís Rei Núñez.

O **Sr. Rei Núñez:** En novembro, mes da memoria histórica en Pontevedra, da memoria en Pontevedra, unha pregunta sobre a cruz dos caídos.

O Concello cedeulle, en agosto de 1941, á Falange Española Tradicionalista y de las

JONS un terreo ao final da avenida de Montero Ríos para a construción, di unha acta, "que perpetúe el recuerdo de los héroes que sucumbieron en defensa de los santos ideales de religión y patria en la gesta heroica de nuestra liberación". Ese mesmo ano, un domingo de decembro, celébrase a solemnísima inauguración e a prensa recolle a alocución integra do Jefe Provincial del Movimiento, dixo: "saludo cordialmente a los representantes del Fascio Italiano y del Partido Nazi alemán pertenecientes a movimientos que aspiran, como nosotros, a una justicia social."

En 1985 constrúese un aparcadoiro soterrado, hai que desmontar a cruz e un alcalde, moderadamente antifranquista daquela, amaga con razón con non restituíla pero bate cunha campaña orquestrada pola caverna local, dinlle na prensa: "la cruz de los caídos es el estilo, la poesía, el rito que encarna el pensamiento joseantoniano ante los que hacen guardia sobre los luceros". A aquel alcalde éntralle o pánico e opta por tunear a cruz, que pasa a ser o monumento ao soldado descoñecido, aínda que non resulta tan descoñecido. Custa dezaseis millóns de pesetas máis catro e medio da baranda e un e medio da iluminación, ten dezaseis metros de altura e é, fora do Valle dos Caídos, a cruz máis alta de España, pesa sesenta toneladas e un edil dun goberno posterior anuncia, con motivo doutras obras para reforzar o aparcadoiro, o propósito de retirala, e no 2001 e dille á prensa: "barállanse dúas alternativas, levantar toda a base do monumento sen tocar a estrutura de formigón ou desmontalo todo sen garantía de poder reinsertar a cruz polo seu gran peso", casualmente ese edil segue nesta corporación, aínda que agora se ausentou e espero que o resto de compañeiros do seu grupo lle trasladen a pregunta porque se chama Cesáreo Mosquera e esta pregunta vai dirixida a el: dado que non parece que a cruz de sesenta toneladas empezase despois do 2001 a levitar, como Castroforte de Baralla, non lle parece que os tempos son chegados quince anos despois para ter tomada unha decisión e xa que logo para que o orzamento do 2007 poida incluír unha partida para a retirada da cruz dos caídos descoñecidos e coñecidos?

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Tomamos nota da pregunta do Sr. Rei que fai con toda a boa intención e contestarémoslla oportunamente. En todo caso, para maior información, cando se arreglou o parque enriba, que foi este goberno, se valorou o custo que era excesivo e tamén teño que dicir que non houbo maioría suficiente para facelo, naquel momento, neste momento contestarémoslle proximamente.

21.- ROGOS.

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A NECESIDADE DUNHA REGULACIÓN EN RELACIÓN AOS REDUTORES DE VELOCIDADE.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra ao portavoz do grupo municipal do PP, don Jacobo Moreira Ferro.

O **Sr. Moreira Ferro:** Este rogo é para reiterar unha solicitude que xa lle fixen na Xunta de Portavoces e ven moi acaido porque onte nun acto que fixo Stop Accidentes en Pontevedra no que vostede interviu manifestou que lle faba moita importancia e que eran necesarios elementos redutores de velocidade, nós estamos de acordo, o que lle queremos rogar é que, por favor, si é verdade si lle da importancia a elementos redutores de velocidade que non boicotee, que non bloquee, que non faga, como dixo Mosquera, esa gamberrada de estar bloqueando nos despachos unha regulación, unha normativa que estableza claramente cales son as medidas e dimensións

que teñen que ter estes elementos redutores da velocidade, porque evidentemente vostede pediu unha serie de informes que sabe, é consciente, de que son informes para dilatar a tramitación e, polo tanto, a entrada en vigor dunha normativa da que actualmente carecemos en Pontevedra.

Nada máis e moitas gracias.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Moreira.

En todo caso, porque xa unha vez dixo unha, eu non lle digo aos técnicos o que teñen que facer, iso diranllo vostedes nas administracións que gobernan, os técnicos informan o que consideran convinte e houbo un técnico que está estudando todos os lombos por decisión propia e que parece ser que está rematando, cando esté rematado xa, pero voulle dicir unha cousa, non están colocados aínda nin a metade dos lombos que hai que colocar neste municipio, vostedes van en dirección contraria, como a formiga no carreiro, había unha canción de Xosé Afonso que era a formiga no carreiro vai en sentido contrario, que a min me gustaba moito, por certo, vostedes sempre en dirección contraria. Aquí non hai rúa nin hai barrio do rural que non demande a ubicación de calmadores de tráfico en todo o concello e vostedes seguen dando a vara, e lle podo dicir a vostede que eu pateo moito o concello, andando pero tamén en coche e lle teño cariño ao coche, hai alguén que pensa que non lle teño cariño, lla teño cariño ao coche, como todo o mundo, moito cariño, e lle podo dicir a vostede que a trinta por hora se pasan todos os lombos deste concello, incluso algúns a corenta, hai algúns que se pasan a cincuenta e sesenta pero eses hai que modificalos porque non serven para nada, pero todos os lombos se pasan a trinta ou a corenta e están feitos para iso, para reducir a velocidade a trinta, entón, vostedes con toda esa cuestión que están planteando o que están é opoñéndose a que se tomen medidas que son positivas e que demandan os cidadáns, e van a tomar con ferro duro, ferro durísimo, este goberno non vai cambiar de opinión ao respecto, entre outras cousas porque se ben é certo que non sacamos maioría absoluta, que non a sacamos, si sacamos un porcentaxe moi alto de votos os pontevedreses que nos demandan que sigamos adiante cun modelo urbano que ten moito que ver coa accesibilidade, que curios, somos premio en accesibilidade, co medio ambiente, co respecto polas persoas, etc., coa calidade urbana, coa eliminación de contaminación, con moitísimas cousas e, polo tanto, sentímonos moralmente responsables de defender o nos programa, que nos votaron, se ben é certo que non masivamente, creo que recordar que o 43% dos cidadáns. Polo tanto, imos a seguir nesta liña, contestaremos todas as preguntas que sexan necesarias, pero xa lle digo que baten en ferro duro neste tipo de cuestións.

Moitas grazas.

Algunha outra pregunta?

Ante a solicitude de intervención do Sr. Moreira Ferro, o **Sr. Alcalde-Presidente** manifesta: Perdón, vai ser que non, próximo día presenta vostede outro rogo pero é que vostede pregunta un rogo e eu xa lle digo que estamos traballando na contestación esa, xa lle explico pero claro, valoracións...non vamos a facer do rogo unha moción do pleno. Si?, bueno, pois que conteste o Sr. Moreira.

O **Sr. Moreira Ferro:** Sr. Fernández, é que vostede non se enterou do que lle pregun-

tei, do que lle roguei, non se entera, vostede non se entera. Díxenlle que queremos unha regulación, que queremos lombos, que queremos redutores de velocidade, e vostede di que non queremos, é que non escoita, vostede non escoita queremos redutores de velocidade pero queremos unha norma que os regule que non a hai, non a hai, e a ferro vostede non me gana, porque por apelido xa lle gano eu.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE CAMPAÑÓ.

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a dona María José Rodríguez Teso, concelleira do grupo municipal do Partido Popular.

A **Sra. Rodríguez Teso:** No pleno de abril deste mesmo ano aprobouse unha moción relativa á parroquia de Campañó na que, entre outras cousas, se pedía poñer alumeado público no lugar de Soutonovo, dende o Campo do Montiño ata a subida de Soutonovo, e aínda non se fixo nada. E na carretera de Cochón a Carballiños os veciños da zona solicitaron que se puxeran puntos de luz e, ao parecer, a concelleira díxolles a estes veciños que si eles poñían os postes o concello poría a luz. Rogamos a este goberno local que poña os puntos de luz necesarios en ambos os dous lugares pero tamén os postes.

Moitas grazas.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Moi brevemente, Sra. Comesaña.

A **Sra. Comesaña Hermida:** Vamos a ver, estase referindo a unha falsidade como unha casa, eu jamás, jamás da vida lle diría nin lle direi nunca a ningún veciño que si teñen os postes, por favor, iso facíano vostedes moi ben cando gobernaban, jamás da vida lle dixen, na vida. Estamos poñendo postes por aí onde nos foron pedidos, que teño a lista das peticións e concretamente están colocados, aínda me chamou un veciño non sei se foi onte ou antonte, en Ferreiros concretamente, dos últimos que me pediron e están colocados, tres postes. Polo tanto a min onde me piden llos poñemos, cando é posible pero jamás da vida lle dixen a ningún veciño que tiña que poñer os postes, jamás.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A CRUZ DOS CAÍDOS

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don César Alberto Abal González, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular.

O **Sr. Abal González:** Gracias, Sr. Alcalde.

Un rogo atípico aos señores de Marea, que era o que quería dicir antes, porque estou convencido de que o Sr. Luis Rei non fixo o rogo que fixo antes. Dicirlle que se informe mellor e dicirlle que o monumento á Cruz dos Caídos foi retirado, foi derribado por un Alcalde valente que se enfrontou aos poderes fácticos da época, a cruz é totalmente diferente e é un monumento ao soldado descoñecido, non quero que vin-

culen esa cruz, que foi retirada e non se parece absolutamente en nada, os brazos son totalmente diferentes, o tamaño, a pedra, non foi tuneada foi retirada completamente e feito un acordo. Os señores de Marea que están aí que son os que escriben se queren poden enterarse de onde foi a para aquela cruz.

Nada máis.

O **Sr. Alcalde-Presidente:** Un momento, un momento, estes xa non son rogos xa son corrillos. Sr. Rei, por alusións.

O **Sr. Rei Núñez:** Eu creo que as preguntas non teñen debate, esto no era unha moción era unha pregunta a un concelleiro responsable do grupo de goberno e non sei por que ten que abrirse debate con esto, se quixésemos un debate presentaríamos unha moción.

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 14:38 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace

O Alcalde, O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores. José Luis Mato Rodríguez.